

I. DISPOSICIÓN XERAIS

MINISTERIO DE ECONOMÍA E FACENDA

14788 *Real decreto 1373/2009, do 28 de agosto, polo que se aproba o Regulamento xeral da Lei 33/2003, do 3 de novembro, do patrimonio das administracións públicas*

Tras a promulgación da Lei 33/2003, do 3 de novembro, do patrimonio das administracións públicas, que estableceu un novo réxime xurídico na xestión do patrimonio público despois de case corenta anos de vixencia da anterior normativa, faise necesario responder á habilitación contida na súa disposición derradeira quinta, en virtude da cal lle corresponde ao Consello de Ministros ditar as normas regulamentarias e disposicións de carácter xeral necesarias para o desenvolvemento e aplicación da dita lei.

Este regulamento ten por obxecto, por tanto, desenvolver a Lei 33/2003, atendendo tanto a aqueles aspectos cuxa regulación se define na lei expresamente ao desenvolvemento regulamentario, como a todas aquelas materias que, gozando dun contido determinado, requiren unha regulación substantiva e procedementa máis ampla.

A extensión da citada norma determinou acudir a un desenvolvemento necesariamente heteroxéneo, no cal se evita reiterar aquilo que estea expresamente regulado, e procúrase, polo contrario, ampliar o que na lei queda só apuntado ou definido.

En consecuencia, a regulación plena do réxime xurídico do patrimonio público deberá encontrarse necesariamente na adecuada integración de lei e regulamento, primando naquela os aspectos substantivos e esenciais, e neste, os de distribución competencial e de procedemento; para este efecto atendeuse en esencia á estrutura da lei, sen prexuízo de que determinados títulos, suficientemente desenvolvidos nela, queden, por tanto, exentos de calquera desenvolvemento regulamentario.

Pola súa vez, débese sinalar que se buscou desenvolver adecuadamente conceptos e procedementos relativos á xestión de bens e dereitos dentro do ámbito da Administración xeral do Estado, obxectivo este acorde coa natureza e fins da norma, sen prexuízo de que en cada materia se deba considerar a súa aplicación tanto á propia Administración xeral do Estado como aos seus organismos públicos, e tanto a bens inmobles ou mobles como a dereitos, dentro do concepto legal do patrimonio.

Neste aspecto, pretendeuse manter unha sistemática similar naquelas cuestións que poidan resultar de regulación homoxénea, aínda a risco en ocasións de reiterar conceptos, pero co fin de evitar remisións, salvo as consideradas necesarias.

Comeza o regulamento cunhas breves disposicións xerais e, posteriormente, aborda os modos de adquirir e, concretamente, o procedemento de sucesión lexítima da Administración xeral do Estado, denominado de ab intestato, ata agora regulado no Decreto 2091/1971, do 13 de agosto, sobre réxime administrativo da sucesión ab intestato a favor do Estado.

Considerouse oportuno incorporar a dita regulación ao regulamento da lei, pois iso evita a actual dispersión normativa e permite un tratamento máis sistemático dos procedementos.

Neste ámbito, sen prexuízo de pequenos cambios impostos polo transcurso do tempo ou derivados da experiencia na xestión, substituíse o actual sistema de distribución da herdanza a través da xunta provincial distribuidora de herdanzas, por un procedemento dirixido pola delegación de Economía e Facenda, no cal a publicidade e a concorrencia serán os elementos determinantes do modo de distribución, con respecto en todo caso ás regras do Código civil, todo isto para unha maior axilidade e eficiencia na xestión destes bens.

Doutro lado, no alleamento dos bens da masa hereditaria non se introduciu a figura do concurso, establecida na lei para os procedementos xerais de alleamento, por entender que o fin da venda, neste caso, é obter a maior cantidade líquida que se debe repartir de

acordo coa normativa civil, e a mecánica do concurso interferiría na consecución deste obxectivo.

En materia de adxudicacións de bens e dereitos á Administración xeral do Estado, o regulamento concreta as regras apuntadas pola lei e detalla o iter que deben seguir as distintas propostas, co fin de garantir a directa participación dos órganos estatais na decisión correspondente, e a avaliación previa das circunstancias concorrentes en cada caso que determinan a necesidade ou oportunidade de cada adxudicación.

Neste aspecto, ademais, recóllese unha actualización normativa, ao se citar a normativa tributaria e de recadación promulgada con posterioridade á publicación da lei.

Respecto aos saldos e depósitos abandonados, que por lei corresponden á Administración xeral do Estado, a nova regulación por orde ministerial das actuacións que neste ámbito atinxen ás entidades financeiras e depositarias fai innecesaria unha normativa adicional, polo que tan só se recolle neste aspecto unha breve referencia á materia.

As adquisicións de bens e dereitos, onerosas e gratuítas, as primeiras reguladas na lei entre os negocios xurídico patrimoniais, constitúen os seguintes títulos. Óptase por regular as adquisicións onerosas neste capítulo por razóns de sistemática, ao se englobaren nel todos os modos de adquirir posibles, e neste aspecto amplíase a regulación do procedemento, que a lei brevemente apunta, incluíndo unha breve referencia á expropiación forzosa, sobre a cal o regulamento se limita a clarificar aspectos de xestión interna; no relativo ás adquisicións gratuítas, recóllese unha regulación que completa as regras xerais da lei e que pretende garantir a seguranza xurídica e a oportunidade deste tipo de adquisicións.

O acceso ao Inventario xeral de bens e dereitos da Administración xeral do Estado representa unha das materias cuxa regulación exige a propia lei. Para tal efecto, establecéronse unhas normas xerais que delimitan o obxecto deste acceso e os seus efectos, todo iso respondendo ao concepto legal de que o dito inventario non constitúe un rexistro público; e prevíronse unhas regras concretas para o acceso doutras administracións públicas e dos cidadáns, respectivamente, que pretenden garantir esta facultade adecuadamente, delimitando, non obstante, o seu ámbito en función do destinatario e do fin da consulta.

Os capítulos dedicados ao réxime rexistral e ás potestades de investigación e deslindamento axústanse basicamente á normativa ata agora vixente, e regulan detalladamente o modo de exercicio destas potestades de que goza a Administración pública para a protección e defensa dos seus bens, atendendo á actual lexislación de procedemento. Merece destacarse no ámbito do procedemento de investigación a delimitación da figura do denunciante, xa clarificada na lei, que establece que o inicio se fai necesariamente de oficio, de modo que o denunciante se configura como un colaborador da Administración sen ter a condición de interesado, sen prexuízo da obtención dun eventual premio, que se lle atribúe como consecuencia accesoria da resolución.

No ámbito da administración de bens e dereitos públicos, o regulamento clarifica os trámites e documentos necesarios para as afectacións e adscricións, ou desafectacións e desadscricións, e desenvolve materias novas introducidas pola lei, como as afectacións tácitas ou presuntas, as afectacións concorrentes e as mutacións interadministrativas, estas últimas de necesario desenvolvemento regulamentario e sobre as cales se fixan os puntos necesarios para a súa tramitación.

Respecto á xestión dos bens patrimoniais, o regulamento distingue as competencias e facultades que deben corresponder á Dirección Xeral do Patrimonio do Estado, ás delegacións de Economía e Facenda e, respecto dos bens no estranxeiro, ao Ministerio de Asuntos Exteriores e de Cooperación, e posteriormente establece o procedemento para a explotación dos ditos bens patrimoniais.

A seguir régúlase o alleamento de bens e dereitos, o que reviste singular importancia, tanto pola súa extensión e necesario detalle como pola precisión legal sobre as formas de venda.

Así, concretáronse os supostos en que cabe allear bens e dereitos da Administración xeral do Estado por poxa, e establecéronse de forma minuciosa os requisitos para a venda

por concurso, novidade da Lei 33/2003. Neste aspecto, o obxectivo foi garantir unha coordinación entre o departamento ou organismo responsable do alleamento e o departamento ou Administración pública responsable da política que se promove a través da venda: para este efecto prevíuse a intervención do Consello de Ministros na autorización dos criterios determinantes da venda.

Doutro lado, neste capítulo recolléronse as disposicións comúns ao procedemento e reguláronse detalladamente os trámites de cada modo de alleamento, procurando manter unha sistemática que facilite a aplicación de lei e do regulamento.

Igualmente, incluíuse unha breve referencia á participación da Administración xeral do Estado en actuacións de transformación urbanística, así como á achega de bens a entes públicos.

Para completar a regulación dos negocios patrimoniais, dedícase un capítulo ás cesións gratuítas, distinguindo as de propiedade e de uso. Sobre estas o regulamento amplía os conceptos citados na lei e detalla o seu modo de tramitación, facendo fincapé nos elementos de seguranza xurídica e de posterior control sobre os bens cedidos.

Finalmente, conclúese cunha breve regulación sobre a coordinación e optimización da utilización de edificios administrativos, que inclúe a composición e funcións da Xunta Coordinadora de Edificios Administrativos.

Polo que se refire á regulación do patrimonio empresarial da Administración xeral do Estado, cúmprese a previsión do artigo 170.2 da lei, explicitando a vinculación das entidades públicas de carácter empresarial aos principios constitucionais de eficiencia e economía na súa xestión, e definindo un marco transparente para o cumprimento das obrigas asociadas á prestación de servizos de interese xeral que non proxecte distorsións sobre os mercados. A efectividade funcional do novo esquema de xestión destas entidades require introducir algunhas precisións no seu modelo organizativo, de forma que, coherentemente coas previsións esbozadas na lei, adapten as súas estruturas para satisfacer os principios de boas prácticas no goberno de empresas e, en particular, as recomendacións da OCDE plasmadas nas «Directrices sobre goberno corporativo das empresas públicas» publicadas no ano 2005.

Na súa virtude, por proposta da vicepresidenta segunda do Goberno e ministra de Economía e Facenda, logo de aprobación da ministra de Administracións Públicas, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 28 de agosto de 2009,

DISPOÑO:

Artigo único. *Aprobación do Regulamento xeral da Lei do patrimonio das administracións públicas.*

Apróbase o Regulamento xeral da Lei do patrimonio das administracións públicas, cuxo texto se inclúe a seguir.

Disposición derogatoria única. *Derogación normativa.*

Quedan derogadas todas as disposicións de igual ou inferior categoría que se opoñan ou resulten incompatibles co establecido neste real decreto e, en especial, os seguintes:

- a) O Decreto 3588/1964, do 5 de novembro, polo que se aproba o Regulamento para a aplicación da Lei do patrimonio do Estado.
- b) O Decreto 2926/1965, do 23 de setembro, sobre réxime especial dos bens do Estado no estranxeiro.
- c) Decreto 2256/1970, do 24 de xullo, polo que se regula a construción, administración e conservación de edificios administrativos de servizo múltiple.
- d) O Decreto 2091/1971, do 13 de agosto, sobre réxime administrativo da sucesión ab intestato en favor do Estado.
- e) Real decreto 171/1988, do 12 de febreiro, regulador da Xunta Coordinadora de Edificios Administrativos.

f) Real decreto 536/1988, do 27 de maio, polo que se regulan os alleamentos de material do parque móbil ministerial non apto para o servizo, modificado polos reais decretos 1290/1991, do 2 de agosto e 1312/1997, do 1 de agosto.

g) Orde do 30 de decembro de 1968, pola que se aproba a instrución para a administración dos edificios propiedade do Estado sitos na praza de España de Sevilla.

h) Orde do 17 de abril de 1975, sobre instrucións para a administración dos edificios administrativos de servizo múltiple.

Disposición derradeira única. *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor ao mes da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Palma de Mallorca o 28 de agosto de 2009.

JUAN CARLOS R.

A vicepresidenta segunda do Goberno e ministra de Economía e Facenda,
ELENA SALGADO MÉNDEZ

REGULAMENTO XERAL DA LEI 33/2003, DO 3 DE NOVEMBRO, DO PATRIMONIO DAS ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS

TÍTULO PRELIMINAR

Disposicións xerais

CAPÍTULO ÚNICO

Obxecto, ámbito de aplicación e definicións

Artigo 1. *Obxecto do regulamento.*

Este regulamento ten por obxecto o desenvolvemento da Lei 33/2003, do 3 de novembro, do patrimonio das administracións públicas.

Artigo 2. *Ámbito de aplicación.*

1. O establecido neste regulamento será de aplicación ao réxime xurídico patrimonial da Administración xeral do Estado e dos seus organismos públicos.

As facultades e procedementos que no dito ámbito correspondan aos organismos públicos serán exercidos polos seus órganos correspondentes con suxeición ao disposto na lei e neste regulamento, atendendo á súa propia organización e ás directrices recollidas para a Administración xeral do Estado.

2. Serán de aplicación ás comunidades autónomas, entidades que integran a Administración local e entidades de dereito público vinculadas ou dependentes delas os artigos ou parte destes enumerados na disposición derradeira única.

3. As actuacións relativas a bens e dereitos sitos no estranxeiro suxeitaranse ao previsto na lei e neste regulamento, atendendo ás peculiaridades derivadas da simultánea aplicación do dereito español e do dereito estranxeiro.

Artigo 3. *Referencias á Lei do patrimonio das administracións públicas.*

As referencias que no regulamento se efectúan á lei entenderanse feitas á Lei 33/2003, do 3 de novembro, do patrimonio das administracións públicas.

TÍTULO I

Adquisición de bens e dereitos

CAPÍTULO I

A sucesión lexítima da Administración xeral do Estado

Sección 1.^a Disposición xeral

Artigo 4. *Normativa aplicable.*

Cando se dean as circunstancias establecidas no Código civil para que teña lugar a sucesión lexítima da Administración xeral do Estado, segundo o previsto no artigo 20.6 da lei, aplicaranse as normas contidas neste capítulo para obter a declaración da Administración xeral do Estado como herdeira ab intestato, así como para xestionar e liquidar os bens hereditarios.

Sección 2.^a Actuacións para a declaración de ab intestato

Artigo 5. *Inicio do procedemento.*

1. As actuacións dirixidas á obtención da declaración da Administración xeral do Estado como herdeira ab intestato serán iniciadas sempre de oficio pola delegación de

Economía e Facenda da provincia en que o causante tivo o seu último domicilio, quer por propia iniciativa quer como consecuencia da denuncia de particulares ou da comunicación doutros órganos da Administración xeral do Estado, doutras administracións públicas ou das persoas sinaladas no artigo seguinte.

Para estes efectos considerárase domicilio do causante, conforme o disposto no artigo 40 do Código civil, o lugar da súa residencia habitual.

2. Nos procesos de declaración de herdeiro nos cales non conste a existencia de testamento nin de herdeiros lexítimos, comparecerá o avogado do Estado para que, en representación da Administración xeral do Estado como herdeira presunta, formule as peticións que procedan.

Se a Administración xeral do Estado for declarada herdeira ab intestato no dito proceso, o avogado do Estado dará traslado do auto xudicial á delegación de Economía e Facenda da provincia, quen iniciará a administración da herdanza conforme o disposto na sección seguinte.

Artigo 6. *Deber de comunicación.*

1. Os que por razón do seu cargo ou emprego público tiveren noticia do falecemento intestado dalgunha persoa que careza de herdeiros lexítimos, estarán obrigados a dar conta deste á delegación de Economía e Facenda da provincia en que, segundo a súa información, o causante tivo o seu último domicilio.

2. Igual obriga incumbe aos responsables do centro ou da residencia en que viviu o causante e ao administrador ou representante legal deste.

Artigo 7. *Denuncia.*

1. Todo particular non abranguido no artigo anterior poderá denunciar o falecemento intestado dunha persoa que careza de herdeiros lexítimos mediante escrito dirixido á delegación de Economía e Facenda da provincia en que, segundo a súa información, o causante tivo o seu último domicilio.

Xuntará ao dito escrito cantos datos posúa sobre aquel e, concretamente, a xustificación do falecemento do causante, o seu domicilio en tal momento, a procedencia da sucesión intestada por concorrer algún dos supostos previstos no artigo 912 do Código civil, a relación dos seus bens e dereitos e a información sobre as persoas que os estiveren disfrutando ou administrando.

2. Os denunciante a que se refire o número anterior terán dereito a percibir en concepto de premio o dez por cento da parte que proporcionalmente corresponda, na cantidade líquida resultante, aos bens relacionados na súa denuncia, computando os bens que, se é o caso, se exceptúen de venda.

3. As comunicacións doutras administracións públicas non xerarán o dereito a premio regulado na lei.

Artigo 8. *Tramitación.*

1. A delegación de Economía e Facenda realizará os actos e comprobacións que resulten necesarios para determinar a procedencia dos dereitos sucesorios da Administración xeral do Estado, e incluírá no expediente cantos datos poida obter sobre o causante e os seus bens e dereitos, sen que o exercicio dilixente de integración de bens na herdanza dea lugar á responsabilidade desta.

Para estes efectos, solicitarase das autoridades e funcionarios públicos, rexistros e demais arquivos públicos a información sobre o causante e os bens e dereitos da súa titularidade que se coide necesaria para a mellor instrución do expediente. Esta información, de acordo co establecido no artigo 64 da lei, será facilitada de forma gratuíta, sen prexuízo das limitacións previstas na Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria, en materia de subministración de información de carácter tributario.

Así mesmo, poderase demandar dos cidadáns a obrigatoria colaboración a que se refire o artigo 62 da lei.

2. As actuacións practicadas remitiranse, logo do informe da Avogacía do Estado na provincia sobre a súa adecuación e suficiencia, á Dirección Xeral do Patrimonio do Estado, a cal, se considera fundados os dereitos da Administración xeral do Estado, proporá á Avogacía Xeral do Estado – Dirección do Servizo Xurídico do Estado que curse instrucións para solicitar a declaración de herdeiro ab intestato a favor da Administración xeral do Estado.

Non obstante, se na masa hereditaria non figuraren bens inmobles ou estes non se localizaren, e o valor dos bens mobles que poidan formar a herdanza previsiblemente non superan os gastos de tramitación do expediente, tales como os de publicación de anuncios, os de depósito de bens, ou os procesuais pola práctica de proba testifical, a Dirección Xeral do Patrimonio do Estado poderá acordar o arquivo do expediente por proposta da delegación de Economía e Facenda.

Sección 3.^a Administración e alleamento dos bens e dereitos hereditarios

Artigo 9. Entrega dos bens.

1. Unha vez declarada a Administración xeral do Estado herdeira ab intestato, solicitarase do xulgado a entrega dos bens e dereitos mediante acta acompañada dunha relación destes.

2. Cando se comprobe a existencia de bens ou dereitos pertencentes á herdanza que non figuren na citada relación, o delegado de Economía e Facenda acordará a súa incorporación a esta. Igualmente, nos casos en que se acredite a inclusión por erro material de bens ou dereitos que non pertencen á herdanza, acordarase a súa exclusión.

Artigo 10. Administración dos bens e dereitos.

1. Recibidos os bens e dereitos que conforman a herdanza, e mentres non se produza a liquidación, corresponderalle á delegación de Economía e Facenda a súa administración e conservación, en colaboración, se é o caso, coas delegacións das provincias en que poidan radicar bens da herdanza.

Para estes efectos, adoptaranse as medidas que se consideren adecuadas para a súa correcta xestión, e poderá o delegado de Economía e Facenda outorgar cantos documentos sexan necesarios, así como allear os bens de fácil deterioración ou que comporten elevados gastos de conservación e mantemento.

Os ingresos e gastos que esta administración e conservación comporten anotarase na conta de ingresos e gastos da herdanza para efectos da súa liquidación e repartición.

2. En todo caso, procederase á valoración dos bens e dereitos que integran a herdanza, para determinar o seu importe, así como a súa inscrición no rexistro da propiedade e incorporación ao catastro, sen que proceda a súa alta no Inventario xeral de bens e dereitos do Estado.

3. O recoñecemento de débedas con cargo á herdanza, así como o aboamento de gastos que non sexan propiamente de administración e conservación, ou para o alleamento dos bens, requirirá o informe previo da Avogacía do Estado na provincia.

Artigo 11. Excepción de venda de bens da herdanza.

1. A Dirección Xeral do Patrimonio do Estado, por proposta da delegación de Economía e Facenda, poderá exceptuar da venda aqueles bens e dereitos da herdanza que sexan susceptibles de destino a fins ou servizos da Administración xeral do Estado ou dos seus organismos públicos, logo das consultas oportunas.

Se o valor, segundo taxación, dos bens e dereitos cuxa afectación ou adscrición se propuxer, excede a parte do líquido total da herdanza que previsiblemente correspondese á Administración xeral do Estado, a proposta mencionará expresamente a necesidade de compensar en metálico a favor dos outros dous terzos correspondentes da herdanza.

2. A resolución pola que se acorde exceptuar de venda un determinado ben ou dereito da herdanza requirirá, se é o caso, a autorización e aprobación previas do gasto polo

importe a que se refire o número anterior, que se poderá aboar quer con cargo aos créditos da Dirección Xeral do Patrimonio do Estado quer con cargo aos créditos do ministerio ou organismo ao cal se destinen os bens e dereitos.

3. A delegación de Economía e Facenda, vista a citada resolución, anotará a exclusión dos bens ou dereitos correspondentes da herdanza, e incorporaraos ao Inventario xeral de bens e dereitos do Estado.

Artigo 12. *Alleamento de bens e dereitos.*

1. Os bens e dereitos da herdanza non abrangidos no artigo anterior allearanse mediante os procedementos de poxa ou de adjudicación directa previstos na lei e neste regulamento, e o importe obtido por tal venda anotarse na conta de ingresos e gastos da herdanza.

É competencia do delegado de Economía e Facenda o inicio, instrución e resolución do procedemento de venda, calquera que sexa o valor de taxación dos bens, cuxa aprobación corresponde ao dito órgano.

2. Cumpridos os trámites preceptivos do alleamento, se este non resulta posible, incorporaranse ao patrimonio da Administración xeral do Estado os bens e dereitos non alleados, sen que teña efectos na conta de ingresos e gastos da herdanza. Corresponderá á Dirección Xeral do Patrimonio do Estado resolver sobre o seu destino, logo do informe da delegación de Economía e Facenda, que poderá establecer a súa posible cesión gratuíta nos termos da lei.

3. Cando as circunstancias así o aconsellen, o alleamento poderá ter por obxecto os dereitos hereditarios no seu conxunto. En tal suposto, o adquirente asumirá expresamente a totalidade dos dereitos, cargas e obrigas derivados da herdanza.

Sección 4.^a Conta do ab intestato e distribución da herdanza

Artigo 13. *Conta xeral do ab intestato.*

1. Liquidada a herdanza de acordo co disposto nos artigos anteriores, a Unidade de Patrimonio da delegación de Economía e Facenda someterá ao delegado de Economía e Facenda, logo do informe do interventor delegado, a conta xeral de liquidación do ab intestato na cal se integrarán, se é o caso, as contas remitidas por outras delegacións, e á cal se incorporarán todos os ingresos xerados e os gastos aboados ou por aboar, entre os cales figurará o premio por denuncia, de proceder.

A conta conterá a proposta de distribución dos bens hereditarios nos terzos sinalados no artigo 956 do Código civil, e a ela uniranse os xustificantes dos ingresos e gastos habidos.

Cando se demore a liquidación da herdanza por incidencias xurdidas na tramitación do expediente, o delegado de Economía e Facenda poderá acordar que se formule conta parcial en relación cos bens e dereitos que fosen liquidados.

2. Estimada conforme a conta xeral ou, se é o caso, a parcial de liquidación do ab intestato, elevaranse as actuacións á Dirección Xeral do Patrimonio do Estado, á cal compete a resolución do expediente e, se proceder, o pronunciamento expreso sobre a concesión ou denegación de premio ao denunciante, con determinación da súa contía de conformidade co artigo 7.2.

Artigo 14. *Distribución da herdanza.*

1. Aprobada a conta xeral de liquidación do ab intestato, procederase á distribución efectiva da herdanza, de acordo co previsto no artigo 956 do Código civil.

Para tales efectos, consideraranse como institucións de beneficencia, instrución, acción social ou profesional as asociacións declaradas de utilidade pública e as fundacións debidamente inscritas nos rexistros públicos correspondentes. A consideración do seu carácter provincial ou municipal virá determinada polo seu ámbito xeográfico de actuación,

sendo necesarias, respecto de institucións de ámbito nacional, a súa presenza e actuación efectiva no territorio correspondente.

2. Para a distribución dos terzos correspondentes entre as institucións citadas, a delegación de Economía e Facenda publicará un anuncio no boletín oficial da provincia ou da comunidade autónoma, no cal se identificará o expediente de sucesión intestada cuxos bens se distribúen.

Aquelas institucións que se consideren con dereito a participar na distribución da herdanza nos termos sinalados no Código civil e neste regulamento, poderán presentar ante a citada delegación, no prazo improrrogable dun mes, a súa solicitude de participar na distribución da herdanza. A esta solicitude xuntaráse unha copia dos seus estatutos reguladores e a documentación que acredite a súa actividade e a inscrición no rexistro correspondente, con expresa indicación, se é o caso, de se o causante pertenceu a ela pola súa profesión e consagrou a esta a súa actividade.

Do anuncio enviarase copia ao concello do último domicilio do causante, á deputación provincial e á comunidade autónoma, que articularán os medios de difusión e publicidade oportunos co obxecto de dar a coñecer, dentro de cada ámbito territorial e sectorial, o dereito das institucións sinaladas a participar na distribución da herdanza.

Recibidas as solicitudes, a Delegación de Economía e Facenda comprobará o dereito das institucións presentadas e resolverá, logo do informe da Avogacía do Estado, sobre a distribución da herdanza, outorgando preferencia exclusivamente a aquelas institucións ás cales o causante pertenceu pola súa profesión e consagrou a súa máxima actividade, e poderá considerar as resolucións adoptadas en expedientes anteriores, co obxecto de garantir unha repartición equitativa.

Esta resolución notificaráselles ás institucións que fosen designadas, con indicación da porción que corresponde a cada unha dentro do terzo correspondente da herdanza, e será obxecto de publicación no boletín oficial da provincia ou da comunidade autónoma, segundo proceda, no prazo dun mes desde a súa adopción.

De non concorreren á distribución da herdanza institucións municipais ou provinciais, a parte vacante acrecerá, por partes iguais, ás institucións concurrentes e á Administración xeral do Estado e, en defecto daquelas, asignarase a totalidade da herdanza á Administración xeral do Estado.

3. Corresponderalle á delegación de Economía e Facenda aboar ás institucións beneficiarias as cantidades correspondentes, pagar o premio recoñecido, se for o caso, ao denunciante, e proceder ao ingreso no Tesouro Público da parte correspondente á Administración xeral do Estado, dando con iso por finalizado o expediente.

4. A delegación de Economía e Facenda poderá acumular nun só procedemento as actuacións previstas neste artigo respecto das herdanzas resultantes dos intestados por ela xestionados, unha vez aprobadas as respectivas contas xerais, cando se coide conveniente por razóns de eficacia e economía.

Sección 5.^a Intestados acaecidos fóra do territorio nacional

Artigo 15. Intestados acaecidos fóra do territorio nacional.

1. Cando proceda a sucesión lexítima da Administración xeral do Estado, e o causante tivo a súa última residencia habitual fóra do territorio nacional, ou radican bens da herdanza no estranxeiro, corresponderá ao Consulado de España a tramitación do procedemento, que se acomodará ás normas contidas neste regulamento no que resulte de aplicación.

2. O expediente e a conta de liquidación serán remitidos á Dirección Xeral do Patrimonio do Estado, a través da de Asuntos e Asistencia Consulares. Polo mesmo conduto, remitirán as delegacións de Economía e Facenda aos respectivos consulados a copia do auto de declaración de herdeiros en favor da Administración xeral do Estado e a relación dos bens sitos no estranxeiro correspondentes a causantes falecidos en territorio nacional.

O saldo da conta situarase na Caixa Xeral de Depósitos, á disposición do delegado de Economía e Facenda da provincia onde radique o municipio considerado como domicilio do causante.

3. Para efectos de distribución da herdanza, se o causante tivese a súa última residencia habitual no estranxeiro, considerarase como domicilio o que tivese no territorio nacional, entendéndose por tal aquel en que radiquen a maior parte dos bens inmoebles da herdanza, ou ben o do seu nacemento, pola orde expresada. Se por ningún destes medios se puiden determinar o domicilio do causante, o importe da herdanza ingresarase integramente no Tesouro Público.

CAPÍTULO II

Das adxudicacións de bens e dereitos

Artigo 16. *Informe previo ás adxudicacións de bens ou dereitos.*

1. A adxudicación de bens ou dereitos á Administración xeral do Estado en procedementos xudiciais ou administrativos requirirá o informe previo favorable do órgano competente segundo o sinalado neste capítulo, sen prexuízo do réxime específico previsto no artigo seguinte.

Para estes efectos realizaranse as actuacións preliminares necesarias para identificar os citados bens e dereitos e para determinar a conveniencia da súa adxudicación á Administración xeral do Estado.

2. Se as cargas e gastos foren superiores ao valor do ben ou dereito, o informe só será favorable cando existan razóns de interese público debidamente acreditadas e logo da constatación da existencia de crédito suficiente para o aboamento ou asunción das cargas e gastos.

Artigo 17. *Adxudicacións en procedementos de constrinximento administrativo.*

Nos supostos de solicitude de informe previo previstos no procedemento de constrinximento regulado na Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria, e no Regulamento xeral de recadación, aprobado polo Real decreto 939/2005, do 29 de xullo, corresponderá a emisión do informe ao director xeral do patrimonio do Estado, de se tratar de bens inmoebles cuxas cargas ou gravames superen o valor en que deban ser adxudicados, e ao delegado de Economía e Facenda da provincia onde radique o inmoeble que deba ser adxudicado, no resto dos supostos.

Artigo 18. *Adxudicacións en procedementos xudiciais.*

1. Nos procedementos xudiciais de execución en que se ofrezca á Administración xeral do Estado a adxudicación ao seu favor de bens embargados, a Avogacía do Estado, tan pronto como teña coñecemento diso, solicitará os datos suficientes para a identificación dos bens ou dereitos e das cargas que recaian sobre eles, e procederá á súa comunicación á delegación de Economía e Facenda, con indicación do prazo sinalado para solicitar esta adxudicación.

Recibida a notificación, a delegación de Economía e Facenda efectuará as actuacións previstas no artigo 16.1 e solicitará, se é o caso, a colaboración da Dirección Xeral do Patrimonio do Estado ou das delegacións de Economía e Facenda onde radiquen os bens, para efectos de emitir informe sobre a adxudicación.

De o procedemento xudicial se tramitar perante un órgano con xurisdición de ámbito nacional, a citada comunicación dirixirase á Dirección Xeral do Patrimonio do Estado, a quen corresponderá emitir informe sobre a adxudicación.

2. Emitido o correspondente informe, comunicáraselle á Avogacía do Estado, co obxecto de realizar as actuacións procesuais oportunas.

Artigo 19. *Actuacións posteriores á adxudicación.*

A resolución xudicial ou administrativa que adxudique os correspondentes bens ou dereitos á Administración xeral do Estado comunicáraselle á Delegación de Economía e

Facenda da provincia onde radiquen aqueles e, en caso de radicaren en máis dunha provincia, á Dirección Xeral do Patrimonio do Estado.

Recibida a resolución, realizarase identificación plena dos bens ou dereitos adxudicados, a súa taxación pericial e a súa anotación no Inventario xeral de bens e dereitos do Estado, así como a súa inscrición, se é o caso, no rexistro da propiedade e incorporación ao catastro. Non obstante, se se puxer de manifesto que as características do ben adxudicado ou a súa valoración non concordan coas sinaladas na resolución de adxudicación, informárase diso ao órgano que a tiver acordado, para que adopte as medidas pertinentes, incluída, se for o caso, a revogación da adxudicación; ou ben instarase a revisión xudicial da resolución adoptada, polo procedemento correspondente de acordo coa lexislación procesual.

Artigo 20. Bens procedentes de adxudicacións por infracción administrativa de contrabando.

Cando nos procedementos por infracción administrativa de contrabando non suxeitos a normativa específica se adxudiquen bens á Administración xeral do Estado, e o delegado de Economía e Facenda acorde a súa destrución, inutilización ou abandono, comunicáraselle este acordo ao órgano competente da Administración alfanegueira da Axencia Estatal da Administración Tributaria, co obxecto de demandar a súa colaboración no depósito e xestión destes bens.

De o delegado de Economía e Facenda acordar a destrución de bens non comunitarios, entenderase que a dependencia de Alfándegas quedará habilitada para proceder directamente á súa destrución controlada, cancelando con iso o correspondente depósito alfanegueiro previsto no artigo 37.2 do Real decreto 1649/1998, do 24 de xullo, polo que se desenvolve o título II da Lei orgánica 12/1995, do 12 de decembro, de represión do contrabando, relativo ás infraccións administrativas de contrabando.

CAPÍTULO III

Dos saldos e depósitos abandonados

Artigo 21. Xestión e administración.

1. Os saldos e depósitos abandonados que, de conformidade co artigo 18.1 da lei, corresponden á Administración xeral do Estado, serán xestionados pola Dirección Xeral do Patrimonio do Estado, logo de cumprir os trámites que por orde do ministro de Economía e Facenda se sinalen para a observancia, polas entidades depositarias, dos deberes de notificación previa aos titulares afectados e de comunicación da existencia de tales depósitos e saldos.

2. Corresponderalle á Dirección Xeral do Patrimonio do Estado ditar a resolución pola que se declaren incursos en abandono e incorporados ao patrimonio da Administración xeral do Estado os saldos e depósitos abandonados, e determinar o seu destino.

3. Os valores e demais instrumentos financeiros poderán ser alleados de conformidade co sinalado no artigo 18.2 da lei. De se tratar de títulos físicos cuxo alleamento non for posible, e de careceren estas de interese histórico ou documental, poderase acordar a súa destrución.

CAPÍTULO IV

Adquisicións onerosas

Sección 1.^a Normas xerais

Artigo 22. Capacidade e competencia.

1. A Administración xeral do Estado e os seus organismos públicos poderán concertar calquera negocio xurídico que teña por obxecto a adquisición onerosa de bens e dereitos con persoas físicas ou xurídicas que gocen de capacidade de obrar, de acordo co previsto no Código civil.

Cando a adquisición se realice por concurso, poderanse recoller no prego de condicións particulares requisitos adicionais que se exixan a quen allee o ben ou dereito, en atención ao obxecto do concurso.

2. Serán competentes para tramitar e acordar as adquisicións onerosas de bens e dereitos os órganos sinalados no artigo 116 da lei, sen prexuízo das especialidades previstas para a adquisición de bens mobles, propiedades incorporais e bens sitos no estranxeiro.

Artigo 23. *Obxecto.*

Poderanse adquirir polo procedemento previsto para as adquisicións onerosas calquera ben e dereito, así como inmobles futuros ou dereitos sobre eles, sempre que estean determinados ou sexan susceptibles de determinación no momento de se acordar a adquisición, nas condicións específicas que se fixen na resolución de adquisición. Será preciso en todo caso que quen ofrece o ben garanta suficientemente o cumprimento das súas obrigas por calquera modo admitido en dereito, e deberanse establecer os requisitos que aseguren os termos e a boa fin da operación convida.

Igualmente, poderase acordar a adquisición con pagamento de parte do prezo en especie.

Artigo 24. *Formalización e gastos.*

1. De acordo co previsto no artigo 113 da lei, as adquisicións de bens inmobles ou dereitos sobre eles formalizaranse en escritura pública, inscribíranse no rexistro da propiedade e incorporaranse ao catastro.

2. Os gastos derivados da adquisición serán satisfeitos polas partes conforme a normativa vixente.

Se no ámbito da Administración xeral do Estado a adquisición se efectuar por proposta dun departamento ministerial, estes gastos serán satisfeitos con cargo aos seus créditos orzamentarios.

Artigo 25. *Adquisición por organismos públicos.*

As adquisicións onerosas de bens inmobles ou dereitos sobre eles por organismos públicos requirirán o informe previo favorable do ministro de Economía e Facenda, segundo o sinalado no artigo 116.2 da lei. Para tales efectos, remitiráselle á Dirección Xeral do Patrimonio do Estado a documentación preceptiva recollida nos artigos seguintes deste regulamento. Formalizada a adquisición, notificaráselle á Dirección Xeral do Patrimonio do Estado, para efectos da súa constancia no Inventario xeral de bens e dereitos do Estado.

Artigo 26. *Adquisición por redución de fondos propios.*

A adquisición pola Administración xeral do Estado de bens inmobles ou dereitos sobre eles propios dos organismos públicos integrados no sector público empresarial, será autorizada polo Consello de Ministros por proposta do ministro de Economía e Facenda, cando a contrapartida á adquisición consista na redución de fondos propios da entidade.

Os inmobles así adquiridos rexistraranse na contabilidade patrimonial do Estado polo valor neto contable que conste no balance do anterior titular. Xunto á baixa, no activo da entidade transmitente, do valor dos inmobles ou dereitos adquiridos pola Administración xeral do Estado, operarase un axuste por igual importe no balance da entidade, reducindo os seus fondos propios.

Sección 2.^a Adquisición directa de inmobles e dereitos sobre eles

Artigo 27. *Documentación e procedemento.*

1. No procedemento de adquisición directa de bens inmobles e dereitos sobre eles deberá xuntarse ao expediente a memoria prevista no artigo 116 da lei, na cal se xustificarán

debidamente as causas polas que se acode ao dito procedemento de conformidade co previsto no citado artigo. Á memoria unirase a seguinte documentación:

- a) A relativa á personalidade de quen ofrece o inmovible ou dereito cuxa adquisición solicita, e do seu representante, de ser o caso. De se tratar dunha Administración pública, presentarase a documentación que acredite a súa oferta, así como o cumprimento da normativa correspondente.
- b) A identificativa do inmovible ou dereito, tanto técnica como xurídica, e a xustificativa da súa titularidade, incluíndo, se é o caso, certificación catastral e rexistral.
- c) Certificado de existencia de crédito orzamentario adecuado e suficiente, así como a correspondente aprobación do gasto e fiscalización, ou documentación contable correspondente.
- d) A oferta de venda con expresión do prezo, do prazo de duración da oferta e das condicións do contrato.

2. Cando a adquisición se efectúe para a Administración xeral do Estado, a dita documentación, xunto co correspondente informe técnico e estudo de mercado, será elaborada e presentada polo departamento interesado, ou pola Dirección Xeral do Patrimonio do Estado, se a adquisición se efectúa por propia iniciativa.

Corresponderalle á Dirección Xeral do Patrimonio do Estado avaliar a pertinencia da adquisición proposta e, en caso de se estimar adecuada, aprobar a taxación e solicitar o informe da Avogacía do Estado, de conformidade co previsto no artigo 116 da lei, así como elevar ao órgano competente a proposta de resolución en que se autorice a adquisición.

Sección 3.^a Adquisición mediante concurso de inmovibles e dereitos sobre eles

Artigo 28. Documentación e prego de condicións.

1. No procedemento de adquisición por concurso de inmovibles e dereitos sobre eles deberá unirase ao expediente, xunto coa memoria prevista no artigo 116 da lei, un prego de condicións do concurso, que deberá conter polo menos os seguintes puntos:

- a) Descrición das características do inmovible ou dereito que se pretende adquirir, incluíndo, se é o caso, as especificacións técnicas, urbanísticas e de situación.
- b) Criterios de adxudicación e forma de valoración e ponderación.
- c) Prezo máximo e forma de pagamento, así como gastos da adquisición.
- d) Cláusulas polas cales se rexerá o contrato.
- e) Modelo de presentación de ofertas e modo en que se desenvolverá a licitación.

Igualmente, xuntarase ao expediente o certificado de existencia de crédito orzamentario adecuado e suficiente, así como a correspondente aprobación do gasto e fiscalización, ou documentación contable correspondente.

2. Cando a adquisición se efectúe para a Administración xeral do Estado, esta documentación, xunto co correspondente informe técnico e o estudo de mercado, será elaborada e presentada polo departamento interesado, ou pola Dirección Xeral do Patrimonio do Estado se a adquisición se efectúa por propia iniciativa.

Corresponderalle á Dirección Xeral do Patrimonio do Estado avaliar a pertinencia da adquisición proposta e, en caso de se estimar adecuada, aprobar o prego do concurso, logo de aprobación por parte desta da taxación e tras o informe da Avogacía do Estado, de conformidade co previsto no artigo 116 da lei.

Artigo 29. Convocatoria.

1. Unha vez completado o expediente e aprobados os pregos de condicións que rexerán o concurso, procederase á convocatoria na forma sinalada no artigo 116.5 da lei.

2. No anuncio da convocatoria sinalarase:

- a) O lugar, día e hora de celebración do acto público de apertura de ofertas.

- b) O obxecto do concurso.
- c) O lugar de consulta ou modo de acceso ao prego de condicións particulares.
- d) Prazo durante o cal os interesados poderán presentar a documentación, o rexistro ante o cal se poderá presentar ou os medios telemáticos admitidos, e as cautelas que se deberán observar se a presentación se realiza por correo certificado.

Artigo 30. *Presentación de documentación.*

Cada oferente poderá presentar unha única proposición que se axustará ás especificacións contidas nos pregos. A documentación presentárase en dous sobres pechados. O primeiro deles conterá a documentación acreditativa da súa personalidade e capacidade e, de ser o caso, do seu representante, así como declaración responsable de se existen cargas ou gravames que afecten o ben que se ofrece, sen prexuízo dos que consten na certificación rexistral.

No segundo sobre incluírase a documentación técnica e a documentación xurídica, que conterán as certificacións catastral e rexistral e a xustificación da titularidade do ben ou dereito que se ofrece, así como o prezo polo que se formula a oferta.

Artigo 31. *Mesa de licitación.*

1. Dentro dos dez días hábiles seguintes á conclusión do prazo fixado para a presentación de proposicións constituirase a mesa de valoración das ofertas, que nas adquisicións da Administración xeral do Estado estará presidida polo director xeral do Patrimonio do Estado, ou funcionario que designe, con presenza de dous funcionarios da Dirección Xeral do Patrimonio do Estado designados por aquel, un deles en calidade de secretario con voz e voto, un avogado do Estado, un interventor e un representante designado polo departamento interesado se a adquisición se efectuar por proposta deste.

2. A mesa examinará a documentación recollida no primeiro sobre e, de apreciar a existencia de erros emendables, notificarallo aos interesados para que nun prazo máximo de cinco días procedan á dita emenda. Transcorrido este prazo a mesa determinará que licitantes quedan admitidos.

Artigo 32. *Apertura de proposicións e adxudicación.*

1. No lugar e hora sinalados no anuncio e en acto público procederase á lectura da lista de licitadores admitidos, e realizarase a apertura dos sobres que conteñan as proposicións, podendo rexeitarse no momento aquelas que se aparten substancialmente do modelo ou comporten erro manifesto.

2. No prazo máximo dun mes contado desde a celebración deste acto, a mesa analizará as ofertas atendendo aos criterios e ao procedemento fixados no prego, e poderá solicitar, antes de formular a súa proposta, cantos informes técnicos considere precisos e que se relacionen co obxecto do concurso.

Determinada pola mesa a proposición máis vantaxosa, redactarase a acta correspondente, sen que a proposta de adxudicación cree dereito ningún a favor do adxudicatario proposto.

3. Corresponderalle ao órgano competente adoptar a resolución oportuna, logo do informe da Avogacía do Estado ou do órgano a que corresponda o asesoramento xurídico. Non obstante, poderase apartar da proposta de adxudicación ou declarar deserto o concurso de forma motivada.

Sección 4.ª Adquisición de bens e dereitos en procedementos de licitación

Artigo 33. *Procedemento.*

1. A Administración xeral do Estado e os seus organismos públicos poderán adquirir bens inmoebles ou dereitos mediante a participación en procedementos de licitación,

calquera que sexa a forma ou o medio en que se celebren, incluída a licitación por medios electrónicos.

2. Nas adquisicións para a Administración xeral do Estado, a participación corresponderá á Dirección Xeral do Patrimonio do Estado, logo da elaboración dun expediente en que conste a memoria a que se refire o artigo 116 da lei, a taxación que determine a marxe de licitación e o certificado de existencia de crédito orzamentario adecuado e suficiente. Esta participación, que terá carácter reservado, deberá ser autorizada polo órgano competente para a adquisición, logo do informe da Avogacía do Estado, con indicación das condicións a que se debe ater o representante designado.

Concluída a licitación, a Dirección Xeral do Patrimonio do Estado elaborará un informe sobre o desenvolvemento e resultado do procedemento, así como sobre o cumprimento das condicións fixadas na autorización, e elevará, se é o caso, ao órgano competente, a resolución pola que se ratifica a adquisición.

Sección 5.^a Adquisición de bens e dereitos no estranxeiro

Artigo 34. Procedemento.

1. A adquisición onerosa pola Administración xeral do Estado de bens inmobles ou dereitos sobre eles no estranxeiro será acordada polo ministro de Economía e Facenda, salvo que se financie con cargo ao orzamento do Ministerio de Asuntos Exteriores e de Cooperación; neste caso será competente o seu titular para acordar a adquisición, logo do informe favorable do ministro de Economía e Facenda.

2. No expediente observaranse os requisitos establecidos para as adquisicións na lei e neste regulamento, no cal resulten de aplicación. Unha vez realizada a adquisición polo Ministerio de Asuntos Exteriores e de Cooperación, este remitirá a documentación acreditativa dela á Dirección Xeral do Patrimonio do Estado, para efectos da súa constancia ao Inventario xeral de bens e dereitos do Estado e para, se é o caso, acordar a correspondente afectación.

Sección 6.^a Adquisición derivada do exercicio da potestade expropiatoria

Artigo 35. Exercicio da potestade expropiatoria sobre bens do patrimonio do Estado.

Cando no exercicio da potestade expropiatoria pola Administración xeral do Estado, figure na relación de bens e dereitos que se van expropiar algún que sexa da súa titularidade, ou dos seus organismos públicos, o departamento interesado notificarallo á Dirección Xeral do Patrimonio do Estado, que formulará consulta ao departamento que o tiver afectado ou ao organismo que o tiver adscrito, for o seu propietario ou cuxa xestión lle corresponder, co fin de determinar a viabilidade do cambio de destino.

Este cambio tramitarase, se é o caso, mediante un procedemento de mutación, afectación ou adscrición, en favor do departamento que estea exercendo a potestade expropiatoria, ou do organismo público beneficiario da expropiación.

Artigo 36. Inventario e rexistro.

Corresponderalle ao departamento ou organismo que adquise un ben ou dereito en exercicio da potestade expropiatoria instar a súa alta no inventario, na forma e coas mencións establecidas na lei e, se é o caso, proceder á súa inscrición no rexistro da propiedade ou rexistro correspondente, e incorporación ao catastro.

CAPÍTULO V

Adquisicións a título gratuito

Artigo 37. *Competencia e formalización.*

1. Corresponderá á Dirección Xeral do Patrimonio do Estado tramitar o procedemento de adquisición a título gratuito de bens e dereitos no ámbito da Administración xeral do Estado, e propor a resolución ao órgano competente de acordo co sinalado no artigo 21.1 da lei, salvo os supostos de uso en precario dun inmovible, que serán tramitadas e aceptadas polo departamento interesado, e salvo o previsto respecto dos bens mobles na lei e neste regulamento.

2. A adquisición a título gratuito de bens inmoibles e dereitos sobre eles polos organismos públicos será tramitada por estes e acordada polo órgano sinalado no artigo 21.2 da lei.

Esta adquisición requirirá o informe previo da Dirección Xeral do Patrimonio do Estado, cando a adquisición comporte cargas ou gravames máis alá do cumprimento do destino, e notificaráselle a esta para efectos de que conste no Inventario xeral de bens e dereitos do Estado.

3. Cando o doador sexa unha Administración pública ou un organismo ou entidade dependente, os negocios xurídicos de adquisición gratuita de bens e dereitos formalizaranse en documento administrativo, que será título suficiente para a súa inscrición no rexistro da propiedade.

Artigo 38. *Adquisición intervivos.*

1. A adquisición gratuita intervivos de bens e dereitos requirirá a achega ao expediente da documentación que acredite a personalidade e capacidade do doador, a súa vontade fidedigna de doar, o poder outorgado, de se actuar mediante representante, e a titularidade do doador sobre o ben ou dereito ofrecido, con expresión das cargas e gravames que o afectan.

De a doazón a efectuar outra Administración pública, presentarse a documentación que acredite o cumprimento dos requisitos previstos para este negocio xurídico na súa propia normativa.

Se a adquisición tiver por obxecto o uso temporal dun inmovible, abondará con presentar a oferta formulada polo seu titular ou polo órgano competente, así como a documentación que permita identificar o ben ou dereito e a súa titularidade.

2. Na adquisición a título gratuito de bens e dereitos no ámbito da Administración xeral do Estado, a Dirección Xeral do Patrimonio do Estado poderá solicitar un informe da delegación de Economía e Facenda correspondente sobre a situación física e xurídica do ben ou dereito ofrecido, que incluírá a taxación pericial das cargas que o afecten, se as houber, así como, se é o caso, a certificación rexistral e catastral actualizadas.

Cando a doazón se efectúe para un fin concreto, solicitarase informe do departamento competente en atención ao destino previsto, co obxecto de que confirme o seu interese na adquisición e o posible cumprimento do fin sinalado.

Corresponderalle á Dirección Xeral do Patrimonio do Estado avaliar a procedencia de aceptar a doazón, en función da documentación e informes indicados, e logo da análise das condicións impostas polo doador, se é o caso, e do gravame que a doazón comporte, de acordo co sinalado no artigo 21.3 da lei.

3. A resolución de aceptación da doazón que adopte o órgano competente someterase a informe previo da Avogacía do Estado ou órgano ao cal corresponda o asesoramento xurídico, e deberá ser notificado ao doador.

Artigo 39. *Adquisicións no estranxeiro.*

As adquisicións a título gratuito pola Administración xeral do Estado de bens e dereitos sitos no estranxeiro rexeranse polo previsto no artigo anterior, no que resulte de aplicación, e requirirán o informe previo do Ministerio de Asuntos Exteriores e de Cooperación.

Artigo 40. *Adquisición por causa de morte.*

Sen prexuízo do disposto respecto á sucesión lexítima da Administración xeral do Estado, nas adquisicións de bens e dereitos por causa de morte observaranse os trámites previstos no artigo 38, aínda que se unirá ao expediente o certificado de defunción, o testamento e o certificado de actos de última vontade.

Artigo 41. *Adquisición a título gratuito de bens mobles.*

Corresponderá ao ministro titular do departamento, ou ao presidente ou director do organismo competente, aceptar as doazóns, herdanzas ou legados de bens mobles cando o doador tiver sinalado o fin a que se deban destinar, así como, se é o caso, recoñecer a súa reversión nos supostos procedentes.

Se a doazón, herdanza ou legado tiveren por obxecto diñeiro ou saldos en contas correntes ou cadernos de aforro, e se tiver sinalado o seu destino a un fin determinado, poderase xerar crédito, de acordo co previsto na alínea e) do artigo 53 da Lei 47/2003, do 26 de novembro, xeral orzamentaria.

Artigo 42. *Reversión dos bens e dereitos.*

1. Só procederá a reversión dos bens e dereitos adquiridos gratuitamente baixo condición ou modo de destino a un fin determinado cando, non tendo transcorrido o prazo fixado no acordo ou, en todo caso, o sinalado no artigo 21.4 da lei, se incumprisen as condicións ou o modo impostos nel.

Esta reversión será tramitada e recoñecida polos órganos que resulten competentes para a súa adquisición, por solicitude do interesado, logo de acreditar o seu dereito e do incumprimento sinalado, sen prexuízo dos supostos de reversión en materia de expropiación forzosa.

2. Se a reversión a tramitar a Dirección Xeral do Patrimonio do Estado, esta solicitará informe ao departamento correspondente en atención ao destino para o cal se efectuou a doazón, co fin de verificar o incumprimento alegado e propor, se é o caso, a procedencia da reversión.

3. A resolución pola que se recoñece a reversión someterase a informe previo da Avogacía do Estado ou do órgano a que corresponda o asesoramento xurídico, e requirirá, se é o caso, a desafectación previa do ben ou dereito do dominio público. Recoñecida esta, procederase á subscripción dunha acta entre o solicitante e o representante designado, na cal se farán constar as circunstancias en que se reintegra o ben.

TÍTULO II

Protección e defensa do patrimonio

CAPÍTULO I

Acceso ao Inventario xeral de bens e dereitos do Estado

Artigo 43. *Normas xerais de acceso.*

1. Someteranse ás regras deste capítulo as consultas formuladas por terceiros sobre bens e dereitos incluídos no Inventario xeral de bens e dereitos do Estado, de acordo co previsto no artigo 33 da lei.

Non quedarán suxeitas a estas regras as solicitudes que teñan como único obxecto coñecer se un determinado ben ou dereito figura no citado inventario, así como as que garden relación cun determinado expediente, de acordo co previsto no artigo 33.4 da lei.

2. As consultas de terceiros deberán concretar a petición que se realiza e a finalidade á cal vaia ser destinada a información, así como reunir as condicións necesarias para que poidan ser obtidas de forma directa por medios telemáticos, se é o caso, sen afectar a eficacia do funcionamento do servizo.

Non se atenderán as consultas que poidan afectar os intereses da defensa nacional ou a seguranza do Estado, ou que teñan por obxecto datos de terceiros de carácter persoal. En tales supostos, ou cando proceda denegar a consulta formulada de acordo cos criterios recollidos nos artigos 44 e 45, comunicárase este extremo de forma expresa e motivada a quen formulase a consulta.

3. A resposta ás consultas que se formulen terá exclusivamente carácter informativo e reflectirá os datos existentes no Inventario xeral de bens e dereitos do Estado, na data da súa emisión.

A información que poña de manifesto que un ben ou dereito non consta no Inventario xeral de bens e dereitos do Estado non implicará a ausencia ou renuncia de dereitos da Administración xeral do Estado sobre el.

Artigo 44. *Acceso ao Inventario xeral de bens e dereitos do Estado por outras administracións públicas.*

1. O acceso por outras administracións públicas á información do Inventario xeral de bens e dereitos do Estado, previsto no número 5 do artigo 33 da lei, estará suxeito aos criterios de competencia, idoneidade e proporcionalidade, e someterase aos principios de cooperación e lealdade institucional.

2. Para estes efectos, considerarase:

- a) A disposición que atribúa á Administración pública solicitante a competencia correspondente.
- b) A adecuación ou congruencia entre a información solicitada e a finalidade á cal vaia ser destinada no exercicio da competencia de que se trate.
- c) A correspondencia entre o volume e a extensión da información solicitada e a finalidade perseguida.

3. A consulta será formulada polo órgano competente en materia de patrimonio da Administración correspondente, con determinación, se é o caso, do órgano ao cal se destinará e da competencia para cuxo exercicio se solicita a información, e dirixirase á Dirección Xeral do Patrimonio do Estado ou á delegación de Economía e Facenda correspondente, sempre que teña por obxecto bens non incluídos nos catálogos ou rexistros a que se refire o número 3 do artigo 33 da lei.

A solicitude poderá ter por obxecto tanto a obtención de meros datos numéricos ou estatísticos, como de datos concretos que consten no Inventario xeral de bens e dereitos do Estado.

Artigo 45. *Acceso ao Inventario xeral de bens e dereitos do Estado polos cidadáns.*

1. O acceso polos cidadáns á información do Inventario xeral de bens e dereitos do Estado a que se refire o número 6 do artigo 33 da lei estará suxeito aos principios de idoneidade, racionalidade, proporcionalidade e seguranza.

2. A consulta dirixirase á Dirección Xeral do Patrimonio do Estado ou á delegación de Economía e Facenda correspondente, sempre que teña por obxecto bens non incluídos nos catálogos ou rexistros a que se refire o número 3 do artigo 33 da lei, e só poderá ter por obxecto datos numéricos ou estatísticos sobre o Inventario xeral de bens e dereitos do Estado, e poderá non ser atendida cando, a xuízo dos citados órganos, non concorran os principios sinalados no punto primeiro.

CAPÍTULO II

Réxime rexistral*Sección 1.^a Actuacións ante o rexistro da propiedade*

Artigo 46. *Deberes de inscrición e depuración dos bens inmobles e dereitos inscritos no rexistro da propiedade.*

1. O deber das administracións públicas de inscrición no rexistro da propiedade dos seus bens e dereitos previsto no artigo 36 da lei practicarase de conformidade coa dita lei e coa lexislación hipotecaria.

Este deber incluírá a depuración física e xurídica dos bens e dereitos xa inscritos no rexistro da propiedade; para este efecto solicitarase ante o rexistro correspondente a práctica das cancelacións ou rectificacións que procedan mediante os medios previstos na citada normativa.

2. As actuacións da Administración xeral do Estado e dos seus organismos públicos necesarias para lograr ben a inscrición dun ben ou dereito sobre eles da súa titularidade cando se careza de título escrito de dominio ben a cancelación ou rectificación dun asento rexistral existente ao seu favor que non se corresponda coa realidade xurídica extrarrexistral, tramitaranse segundo o previsto na sección seguinte deste capítulo.

Artigo 47. *Órganos competentes.*

1. No ámbito da Administración xeral Estado serán competentes para realizaren as actuacións rexistrais correspondentes tanto a Dirección Xeral do Patrimonio do Estado, en colaboración coas delegacións de Economía e Facenda, como os departamentos ou organismos a que estivesen afectados ou adscritos os bens ou dereitos, ou cuxa xestión lles corresponda.

2. Se a actuación tiver por obxecto a cancelación por un departamento da inscrición dun ben ou dereito de dominio público da Administración xeral do Estado, e esta non viñer expresamente determinada por unha disposición normativa ou unha resolución xudicial firme, requirirase o informe previo favorable da Dirección Xeral do Patrimonio do Estado.

Sección 2.^a A regularización rexistral

Artigo 48. *Supostos de regularización rexistral.*

As actuacións de regularización rexistral sobre bens e dereitos de titularidade pública promoveranse cando se aprecien, entre outros, os seguintes supostos: a existencia dun ben ou dereito sobre o cal se carece de título escrito de dominio; a inexistencia actual ou a imposibilidade de localización física dun inmueble inscrito da súa titularidade; ou a existencia dunha dobre inmatriculación ou dun dereito dun terceiro sobre un predio inscrito a favor dunha Administración pública ou organismo vinculado a ela.

Artigo 49. *Certificación administrativa.*

A regularización rexistral prevista no artigo anterior poderase efectuar mediante a emisión dunha certificación administrativa, de conformidade co establecido no artigo 206 da Lei hipotecaria, do 8 de febreiro de 1946, así como nos números 3 e 4 do artigo 37 da lei, que será o título que accederá ao rexistro da propiedade.

Artigo 50. *Informe técnico e outros documentos.*

Para a elaboración da correspondente certificación administrativa, o órgano competente solicitará un informe técnico nos supostos previstos no artigo 37.4 da lei, no cal se fará constar ben a plena identificación e descrición do predio, ben a súa inexistencia actual ou

imposible localización ou, se é o caso, a coincidencia co predio dobremente inmatriculado ou con aquela sobre a cal un terceiro alega ter mellor dereito.

A este informe poderán unirse outros documentos de calquera natureza ou testemuños que acheguen a información máis completa posible sobre os bens ou dereitos afectados.

Artigo 51. Informe da Avogacía do Estado.

De conformidade co establecido nos artigos 36.3 e 37.4 da lei, remitiranse as actuacións á Avogacía do Estado ou ao órgano de asesoramento correspondente, que emitirá informe sobre a procedencia da regularización e, se é o caso, sobre a preferencia de títulos e a existencia dun mellor dereito, así como sobre a viabilidade de exercer accións xudiciais.

Artigo 52. Resolución e certificación administrativa.

1. Conseguidos os informes sinalados, adoptarse a resolución oportuna e expedirse a certificación administrativa, que recollerá o resumo dos informes emitidos e terá o contido sinalado no artigo seguinte, sen prexuízo dos demais requisitos exixidos pola lexislación hipotecaria.

2. Cando a certificación teña por obxecto a cancelación ou rectificación fundamentada na preferencia de título dun terceiro ou na existencia dun mellor dereito, especificarase tal circunstancia para efectos exclusivamente informativos.

Neste suposto, a actuación rexistral practicada será comunicada a quen puiden resultar afectado, co fin de que promova ante o órgano ou autoridade competente as actuacións que mellor conveñan ao seu dereito.

3. Unha vez practicado o asento rexistral solicitado, comunicarse á Dirección Xeral do Patrimonio do Estado, para efectos de que conste no Inventario xeral de bens e dereitos do Estado.

Artigo 53. Requisitos e contido da certificación administrativa.

1. A certificación administrativa que teña por obxecto a inscrición dun ben ou dereito de titularidade dunha Administración pública ou dos seus organismos dependentes contera os seguintes puntos:

- a) Inclusión do ben ou dereito no inventario correspondente.
- b) Descrición do predio en canto á súa situación, extremas e superficie, así como os seus datos catastrais, e existencia, se é o caso, de cargas ou gravames.
- c) Título ou modo de adquisición, salvo que se trate dun ben ou dereito posuído desde tempo inmemorial; neste caso abondará con sinalar esta circunstancia se non consta a orixe da adquisición.
- d) Natureza patrimonial ou demanial, con indicación, se é o caso, do departamento ou organismo que o teña afectado ou adscrito, ou cuxa xestión lle corresponde.

2. A certificación administrativa que teña por obxecto a cancelación ou rectificación dunha inscrición incluirá unha descrición completa do predio e expedirse para os seguintes efectos:

a) Cando se acredite a inexistencia actual ou a imposibilidade de localización física do predio, terá por obxecto a cancelación total da inscrición a favor da Administración, con peche do seu historial rexistral. Non obstante o anterior, se tal circunstancia só afecta parte dela, rectificarse a inscrición adaptando a descrición rexistral do predio en canto á súa situación, extremas e diminución de superficie, na forma que especifique a resolución adoptada de acordo co informe técnico solicitado.

b) Cando se recoñeza o mellor dereito ou preferencia do título dun terceiro sobre o da Administración pública, en caso de dobre inmatriculación, logo do informe xurídico correspondente, terá por obxecto a cancelación total ou parcial do asento a favor da Administración, segundo afecte a totalidade ou parte do predio.

c) Cando se recoñeza a titularidade, mellor dereito ou preferencia do título dun terceiro sobre un predio que apareza inscrito a favor da Administración pública, logo do informe xurídico correspondente, ou exista resolución estimatoria dunha reclamación previa á vía xudicial civil interposta polo interesado para que se recoñeza a súa titularidade sobre o predio inscrito a favor da Administración pública, terá por obxecto a cancelación total da inscrición a favor da Administración ou a súa rectificación descritiva, nos termos anteriormente expresados.

CAPÍTULO III

Investigación, deslindamento e recuperación da posesión

Sección 1.ª Investigación de bens e dereitos

Artigo 54. *Obxecto e competencia.*

1. A acción investigadora a que se refiren os artigos 45 e seguintes da lei dirixirase a acreditar que un inmovible carece de dono e, por tanto, pertence á Administración xeral do Estado conforme o seu artigo 17.1; ou ben a constatar ou a acreditar que un ben ou dereito pertence á Administración xeral do Estado ou a organismos públicos dependentes dela, cando non conste a súa situación de modo certo.

2. Serán competentes para incoar e resolver o procedemento de investigación os órganos sinalados no artigo 46 da lei.

3. A instrución do procedemento de investigación de bens ou dereitos de posible titularidade da Administración xeral do Estado corresponderalle á delegación de Economía e Facenda da provincia onde radique o ben ou dereito.

Artigo 55. *Inicio do procedemento.*

1. O exercicio da acción investigadora iniciarase sempre de oficio, por acordo do órgano competente segundo o artigo 46 da lei, ben por propia iniciativa ben como consecuencia da denuncia de particulares ou da comunicación doutros órganos da Administración xeral do Estado ou doutras administracións públicas, en virtude do principio de cooperación institucional.

2. A denuncia dun particular dirixida ao exercicio pola Administración xeral do Estado da acción investigadora, deberá presentar información suficiente para identificar o ben ou dereito correspondente, e de se tratar dun ben inmovible que careza de dono, deberá presentar, ademais, indicios relevantes sobre a súa situación de vacante.

Non terán a consideración de denuncia para os efectos desta sección e, por tanto, non darán lugar ao recoñecemento do premio sinalado no artigo 48 da lei, as comunicacións de particulares sobre bens e dereitos de titularidade pública cuxa protección ou defensa non exixa o exercicio da acción investigadora, senón as medidas previstas no artigo 68, ou outras actuacións de carácter administrativo ou xudicial.

3. Corresponderá ao órgano sinalado no artigo 47 a) da lei, logo da análise do obxecto e contido da denuncia, e logo do exercicio das dilixencias que resulten necesarias, resolver sobre a súa admisión e sobre o conseqüente inicio dun procedemento de investigación, e poderá en todo caso acordarse a súa inadmisión cando non cumpra os requisitos sinalados no punto anterior, cando careza manifestamente de fundamento, ou cando exista algunha circunstancia que implique o coñecemento pola Administración xeral do Estado do dereito que o asiste respecto do obxecto da denuncia.

Artigo 56. *Contido e publicidade do acordo de iniciación.*

O acordo de iniciación do procedemento de investigación deberá incluír as características que permitan identificar o ben ou dereito investigado e, de acordo co previsto na alínea b) do artigo 47 da lei, publicarase gratuitamente no «Boletín Oficial del Estado» e, de se

estimar conveniente, no da provincia ou no da comunidade autónoma, ou noutros medios de difusión. Unha copia da publicación exporase durante un prazo de quince días no taboleiro de edictos do concello onde radique o ben ou dereito.

Artigo 57. Instrución do procedemento.

1. No prazo dun mes contado desde o día seguinte ao da finalización do prazo de exposición no taboleiro de edictos do concello, as persoas afectadas polo expediente poderán alegar por escrito canto teñan por conveniente e presentar os documentos en que funden as súas alegacións, así como propor probas.

Igualmente o órgano instrutor poderá, en calquera momento, realizar cantos actos e comprobacións resulten necesarios para o mellor exercicio da acción investigadora, así como solicitar doutros órganos administrativos e de particulares os datos e informes que resulten relevantes sobre a titularidade do ben ou dereito obxecto de investigación.

2. Transcorrido o prazo sinalado, abrirase un período de proba, no cal se practicará calquera que se considere pertinente atendendo ao obxecto da investigación e ao xa alegado e dilixenciado, así como as probas propostas polos interesados, en atención ao sinalado no informe recollido na alínea c) do artigo 47 da lei.

Para estes efectos, poderanse utilizar como medios de proba, entre outros, os documentos públicos, xudiciais, notariais ou administrativos outorgados conforme dereito, o recoñecemento e ditame pericial, ou a declaración de testemuñas.

3. Tras este período, remitirase o expediente á Avogacía do Estado ou ao órgano de asesoramento xurídico que corresponda para que, no prazo de dez días hábiles, emita informe sobre a documentación presentada, ou propoña, se é o caso, a práctica de dilixencias adicionais.

4. Finalizado o trámite anterior, o expediente porase de manifesto ás persoas ás cales afecte a investigación ou que comparecesen no expediente, para que no prazo de dez días aleguen o que crean conveniente ao seu dereito.

5. Se, arquivado un expediente segundo o previsto no artigo 47 e) da lei, se iniciar un novo procedemento de investigación sobre o mesmo ben ou dereito, acordarase a conservación dos documentos e probas cuxo contido non quedase desvirtuado.

Artigo 58. Resolución e actuacións posteriores.

1. Corresponderá ao órgano instrutor elaborar un informe razoado sobre a instrución desenvolvida, e elevar ao órgano competente a proposta de resolución oportuna, que se someterá a informe da Avogacía Xeral do Estado-Dirección do Servizo Xurídico do Estado, ou do órgano a que corresponda o asesoramento xurídico correspondente.

2. A resolución decidirá sobre a pertinencia do ben ou dereito á Administración xeral do Estado ou, se é o caso, aos seus organismos públicos.

Cando o procedemento de investigación se iniciase como consecuencia dunha denuncia, nos termos sinalados no artigo 55.2, determinarase na resolución se procede o dereito ao premio de conformidade coa lei e este regulamento, con indicación, se é o caso, de que o dereito a percibilo nacerá coa efectiva incorporación do ben ou dereito ao patrimonio do Estado, de acordo co artigo 48 da lei. Esta resolución notificaráselle ao denunciante.

3. Adoptada a resolución, corresponderá ao órgano instrutor realizar as actuacións previstas no artigo 47 d) da lei.

Artigo 59. Dereito a premio.

1. Para efectos do nacemento do dereito ao premio, a incorporación entenderase producida cando o ben ou dereito sexa obxecto de inscrición no rexistro da propiedade ou nos rexistros correspondentes ou, se é o caso, co exercicio efectivo do dereito adquirido, salvo que xurda controversia no ámbito administrativo ou xudicial; neste caso estarase á espera da resolución correspondente.

2. Cumpridos os requisitos sinalados, notificaráselle ao denunciante o nacemento do dereito a premio, con expresión do valor de taxación adoptado polos servizos técnicos para a inclusión do ben ou dereito no Inventario xeral de bens e dereitos do Estado, procedéndose posteriormente ao aboamento correspondente.

Artigo 60. *Inscrición.*

A Administración xeral do Estado, de acordo co disposto nos artigos 36 e 47 d) da lei, deberá inscribir ao seu favor no rexistro da propiedade, de conformidade co disposto na Lei hipotecaria, os inmobles ou dereitos sobre eles cuxa pertenza lle fose acreditada a través do procedemento de investigación. Igualmente, procederá a súa incorporación ao catastro.

Aínda que o dereito que se pretende inscribir a favor da Administración xeral do Estado fose carente de dono e adquirido de acordo co previsto no artigo 17 da lei, farase constar esta circunstancia na certificación administrativa correspondente; neste caso a inscrición producirá efectos fronte a terceiros desde que se practique o oportuno asento rexistral.

De existir inscrición contraditoria no rexistro da propiedade, a inscrición a favor da Administración xeral do Estado realizarase de acordo co procedemento previsto no artigo 37.3 da lei.

Sección 2.^a Do deslindamento

Artigo 61. *Obxecto e competencia.*

1. O exercicio da potestade de deslindamento a que se refiren os artigos 50 e seguintes da lei dirixirase a determinar os límites dos bens inmobles da Administración xeral do Estado e dos seus organismos públicos, cando estes sexan imprecisos ou existan indicios de usurpación.

2. Serán competentes para incoar, instruír e resolver o procedemento para deslindar os bens patrimoniais da Administración xeral do Estado os órganos sinalados no artigo 51.1 da lei.

3. Serán competentes para incoar o procedemento para deslindar os bens demaniais da Administración xeral do Estado, ou os bens propios dos seus organismos públicos, os órganos sinalados nos puntos 2 e 3 do artigo 51 da lei.

Nestes supostos, a instrución e resolución do procedemento corresponderá igualmente ao departamento que tiver afectado o ben, ou cuxa xestión lle corresponda, ou ao organismo que sexa o seu titular.

Artigo 62. *Inicio do procedemento.*

1. O exercicio da potestade de deslindamento será iniciado sempre de oficio polo órgano competente segundo o artigo 51 da lei, ben por propia iniciativa ou por pedimento dalgún dos propietarios de predios estremeiros, atendendo ao sinalado na alínea a) do seu artigo 52.

2. Antes de se acordar o inicio do procedemento, elaborárase unha memoria que comprenda os seguintes puntos:

- a) Xustificación da conveniencia do deslindamento que se propón.
- b) Descrición do predio ou predios obxecto do deslindamento, con expresión dos seus lindeiros xerais, dos seus enclaves, extremas e extensión perimetral e superficial.
- c) Título de propiedade e, se é o caso, certificado de inscrición no rexistro da propiedade e información de todos os incidentes habidos en relación coa propiedade, posesión e desfrute, así como certificación catastral.
- d) Orzamento de gastos de deslindamento, coa conformidade do propietario do predio estremeiro, se o deslindamento o promovese este.

Artigo 63. *Actuacións rexistras.*

O acordo de iniciación do procedemento será comunicado ao rexistro da propiedade, para efectos do sinalado na alínea b) do artigo 52 da lei. Cando o deslindamento se vaia practicar sobre un predio que non estea inmatriculado, procederase á inscrición do seu título adquisitivo ou, na falta deste, da certificación expedida conforme o disposto polo artigo 206 da Lei hipotecaria, sen que a práctica de tal trámite afecte o procedemento iniciado.

Artigo 64. *Contido e publicidade do acordo de iniciación.*

O acordo de iniciación do procedemento de deslindamento deberá incluír a descrición do predio e a data en que debe dar comezo o deslindamento.

De conformidade coa alínea c) do artigo 52 da lei, o acordo publicarase gratuitamente no Boletín Oficial del Estado, así como no taboleiro de edictos do concello en que radiquen os predios afectados, cunha antelación mínima de dous meses á data en que deban dar comezo as operacións de deslindamento. Poderase ordenar a súa publicación no boletín da provincia ou no da comunidade autónoma ou noutros medios de difusión, de se considerar conveniente.

O órgano instrutor notificará o acordo de iniciación aos propietarios dos predios estremeros e, se é o caso, aos titulares doutros dereitos reais constituídos sobre eles.

Artigo 65. *Instrución do procedemento.*

1. Os interesados poderán presentar as alegacións e cantos documentos coiden necesarios para a proba e defensa dos seus dereitos dentro do prazo sinalado na publicación do acordo de incoación, que finalizará necesariamente vinte días antes de iniciar o deslindamento.

2. Finalizado tal prazo, e previamente ao inicio do deslindamento, o órgano instrutor acordará o pertinente sobre os documentos e probas presentados, logo do informe da Avogacía do Estado ou do órgano ao cal corresponda o asesoramento xurídico sobre a validez e eficacia xurídica dos títulos presentados para acreditar o dominio ou posesión dos predios a que se refiran.

3. O deslindamento consistirá en fixar con precisión as extremas do predio, do cal se redactará a acta correspondente. Dará comezo na data sinalada e asistirán un técnico designado polo órgano instrutor con título facultativo adecuado e os peritos que, se é o caso, nomeasen os interesados. Na acta deberán constar as seguintes referencias:

- a) Lugar, día e hora en que comece a operación.
- b) Identificación e representación dos asistentes.
- c) Descrición do terreo, traballos realizados sobre el e instrumentos utilizados.
- d) Dirección e lonxitude das liñas perimetrais.
- e) Situación, cabida aproximada do predio e nomes especiais, se os tiver.
- f) Manifestacións ou observacións que se formulen.
- g) Hora en que se conclúa o deslindamento.
- h) Sinatura de todos os asistentes.

Se non se puider terminar o deslindamento nunha soa xornada, proseguirán as operacións durante as sucesivas ou noutras que se conviñeren, sen necesidade de nova citación, e por cada unha delas redactarase a correspondente acta. Se non se conviñer ao terminar cada xornada a data en que proseguirán as actuacións, o órgano instrutor citará en forma os interesados.

Concluído o deslindamento, incorporarase ao expediente a acta ou actas redactadas e un plano a escala do predio obxecto daquel.

4. Finalizado o trámite anterior, o expediente porase de manifesto aos interesados para que, dentro do prazo de dez días, aleguen o que crean conveniente ao seu dereito.

Artigo 66. *Proposta de resolución.*

1. Corresponderalle ao órgano instrutor elaborar un informe razoado e proporlle ao órgano competente a resolución oportuna, sobre a cal se solicitará o informe recollido no artigo 52.d) da lei.

2. Se o deslindamento se practicase sobre un ben patrimonial da Administración xeral do Estado, a proposta e informe citados corresponderán á Unidade de Patrimonio da delegación de Economía e Facenda correspondente.

Artigo 67. *Resolución.*

Unha vez que a resolución sobre o deslindamento sexa firme, inscribírase no rexistro da propiedade e comunicárase de acordo coa normativa catastral, logo da práctica da correspondente marcaxe se iso for necesario.

Sección 3.^a Da recuperación da posesión

Artigo 68. *Exercicio da recuperación da posesión*

1. A potestade de recuperación da posesión a que se refire o artigo 55.1 da lei será exercida de oficio polo órgano competente segundo o artigo 57 da citada norma, ben por propia iniciativa ben por denuncia de particulares ou como consecuencia da comunicación doutros órganos da Administración xeral do Estado ou doutras administracións públicas, en virtude do principio de cooperación institucional.

Para estes efectos, o particular que presenciar ou tiver coñecemento da comisión de feitos atentatorios contra a posesión sobre bens ou dereitos do patrimonio do Estado, poderá denunciálo verbalmente ou por escrito, sen quedar por iso obrigado a probar os feitos denunciados.

2. Coñecido o feito da usurpación, disporanse as medidas necesarias para comprobar e determinar a data de inicio; para este efecto poderase solicitar a colaboración do persoal ao servizo das administracións públicas ou dos cidadáns, de acordo cos artigos 61 e 62 da lei.

Comprobado o feito denunciado, acordarase o inicio da recuperación posesoria, o que se lle notificará ao ocupante, co fin de que alegue o que considere conveniente no prazo de dez días, ou en prazo inferior, se así se tiver sinalado motivadamente.

Se o feito coñecido ou denunciado revestir aparencia de delito ou falta, o órgano competente, logo de ditame da Avogacía do Estado ou do órgano a que corresponda o asesoramento xurídico, dará conta deste ao Ministerio Fiscal, sen prexuízo de adoptar por si mesmo as medidas adecuadas.

3. Vistas as alegacións do ocupante, será requirido na forma prevista na alínea a) do artigo 56 da lei.

En caso de non atender o requirimento, cando o ben usurpado for de dominio público, ou tiver carácter patrimonial e non transcorrese o prazo dun ano previsto no artigo 55.3 da lei, o órgano competente adoptará a correspondente resolución, que determinará a procedencia do desaloxo e, se é o caso, a adopción das medidas previstas no artigo 56 da lei.

Para estes efectos, solicitarase, se é o caso, a autorización prevista no número 6 do artigo 8 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, da xurisdición contencioso-administrativa.

Para a imposición de multas coercitivas, de non constar unha taxación actualizada dos bens ocupados, poderase tomar como valor de referencia o que conste no Inventario xeral de bens e dereitos do Estado ou nos expedientes relacionados, ou ben o valor catastral, se for superior.

4. Cando o ben usurpado tiver carácter patrimonial e transcorrese o prazo dun ano previsto no artigo 55.3 da lei, completaranse cantos antecedentes e datos se consideren oportunos, e darase traslado das actuacións para o exercicio das accións xudiciais oportunas.

TÍTULO III

Dos bens e dereitos públicos

CAPÍTULO I

Afectación, adscrición, desafectación e desadscrición

Artigo 69. *Procedemento de afectación e adscrición.*

1. Nos procedementos de afectación e adscrición de bens e dereitos, corresponderá ao departamento ou organismo interesado identificar o ben ou dereito que solicita, así como motivar as causas da súa petición. A Dirección Xeral do Patrimonio do Estado poderá demandar para o efecto tanta información e documentación se coide necesaria.

2. A resolución pola que se acorde a afectación ou adscrición recollerá as mencións sinaladas no artigo 66.1 da lei e a referencia catastral, cando a natureza do ben ou dereito o permita, así como as condicións ou requisitos que se considere oportuno introducir sobre o uso ou destino do ben ou dereito. O departamento ou organismo asumirá a situación física e xurídica en que se recibe o ben ou dereito e a realización das actuacións necesarias para a súa regularización.

3. Poderase acordar a afectación ou adscrición de bens ou dereitos por un prazo determinado ou para o cumprimento de fins concretos ou de carácter temporal. Cumprido o fin ou transcorrido o prazo sinalado, os bens recuperarán a súa situación xurídica orixinaria, coas actuacións oportunas previas de acordo coa lei e este regulamento.

4. A afectación ou adscrición de bens de natureza patrimonial propios de organismos públicos, a fins dun departamento ministerial ou doutro organismo será acordada polo ministro de Economía e Facenda.

Artigo 70. *Regularización da afectación.*

Cando un departamento ou organismo tiver coñecemento dos feitos ou realizar actuacións que dean lugar a calquera dos supostos de afectación previstos no artigo 66.2 da lei, comunicarao, con identificación suficiente do ben ou dereito correspondente e do fin a que se destina, á Dirección Xeral do Patrimonio do Estado, que dará as instrucións precisas para a regularización física e xurídica do ben ou dereito, procederá á súa anotación no Inventario xeral de bens e dereitos do Estado, e ditará, se for o caso, a resolución que acredite a demanialidade do ben ou dereito.

Artigo 71. *Afectacións concorrentes.*

1. A afectación concorrente de bens ou dereitos determinará a súa vinculación a máis dun uso ou servizo público competencia da Administración xeral do Estado ou dos seus organismos públicos, ben de forma indistinta ben sinalando un determinado uso ou servizo como principal, sen prexuízo da concorrencia doutros.

2. A resolución que acorde a afectación concorrente, de acordo co artigo 67 da lei, determinará as facultades de administración, conservación e defensa que corresponden a cada departamento ou organismo usuario do ben ou dereito. Non obstante, se se subscribise o correspondente acordo ou protocolo entre os distintos usuarios, segundo o sinalado no artigo 129.2 da lei, a resolución remitirase ao que nel se prevexa sobre o exercicio e distribución de tales facultades.

Artigo 72. *Procedemento de desafectación e desadscrición.*

1. Nos procedementos de desafectación e desadscrición, o departamento ou organismo que tiver afectado ou adscrito o ben ou dereito, ou ao que lle corresponda a súa administración e xestión, remitirá á Dirección Xeral do Patrimonio do Estado a documentación

identificativa do ben ou dereito correspondente, con expresión das causas que determinan a solicitude de desafectación ou desadscripción, se se realiza por instancia deles.

Sempre que a natureza do ben ou dereito o permita, esta documentación incluirá:

- a) Nota simple rexistral actualizada, na cal conste a titularidade da Administración xeral do Estado.
- b) Acreditación da referencia catastral.
- c) Se proceder de expropiación, informe sobre a tramitación do procedemento reversorio ante os expropiados ou os seus habentes causa, con indicación do seu resultado, ou xustificación de non ser necesaria a súa tramitación.
- d) Declaración de que o ben se encontra libre de ocupantes.

2. A desafectación ou desadscripción requirirá a depuración física ou xurídica previa do ben ou dereito polo departamento ou organismo que tiver afectado ou adscrito o ben ou dereito, ou ao cal lle corresponda a súa administración e xestión, de conformidade co previsto nos artigos 70.1 e 78.1 da lei, salvo que existan circunstancias debidamente acreditadas no expediente que xustifiquen o non cumprimento desta obriga.

Este departamento ou organismo exercerá as funcións sinaladas nos artigos 66.1 e 76 da lei e asumirá as obrigas económicas derivadas do uso e tenza do inmovible, ata a data en que se produza a formalización da súa desafectación ou desadscripción na forma prevista na lei.

3. De acordo co artigo 54 da lei, os sobrantes de deslindamentos de inmoables demaniais poderán desafectarse seguindo o procedemento previsto nela e neste artigo. A efectividade de tales desafectacións requirirá a recepción formal dos bens polo Ministerio de Economía e Facenda.

CAPÍTULO II

Mutacións demaniais entre administracións públicas

Artigo 73. *Competencia.*

1. Corresponde ao ministro de Economía e Facenda acordar a mutación de destino de bens e dereitos demaniais da Administración xeral do Estado ou dos seus organismos públicos ao cumprimento de fins de uso ou servizo público competencia doutras administracións públicas.

Esta mutación poderase efectuar a favor de comunidades autónomas cando estas prevexan na súa lexislación a posibilidade de afectar bens demaniais da súa titularidade á Administración xeral do Estado ou os seus organismos públicos, para a súa dedicación a un uso ou servizo da súa competencia, de acordo co artigo 71.4 da lei.

2. As mutacións demaniais de bens ou dereitos doutras administracións públicas a favor da Administración xeral do Estado serán aceptadas polo ministro de Economía e Facenda, por proposta do departamento interesado. Na orde determinarase o destino do ben ou dereito e a asunción das competencias demaniais polo departamento correspondente.

Se a mutación se efectúa a favor dun organismo dependente da Administración xeral do Estado, corresponderá ao seu presidente ou director a súa aceptación, que se notificará á Dirección Xeral do Patrimonio do Estado para efectos da súa constancia no Inventario xeral de bens e dereitos do Estado

Artigo 74. *Procedemento.*

1. A tramitación do procedemento de mutación compete á Dirección Xeral do Patrimonio do Estado, que o iniciará de oficio, ben por iniciativa propia ou por pedimento da Administración pública interesada. No procedemento que se tramite deberá presentarse a documentación identificativa do ben ou dereito cuxa mutación se interesa, así como

unha memoria xustificativa na cal se describa o fin, uso ou servizo público a que se destinará.

2. A orde de mutación demanial deberá conter as mencións requiridas polo artigo 66.1 da lei e a referencia catastral, cando a natureza do ben ou dereito o permita, e fixará cantas condicións, requisitos e prazos se consideren necesarios para o adecuado uso do ben ou dereito, así como as causas de resolución.

A orde producirá efectos desde a recepción dos bens polo órgano competente da Administración pública a que se destinen, mediante a subscripción dunha acta entre o representante desta, o do departamento ou organismo público correspondente e o nomeado pola Dirección Xeral do Patrimonio do Estado.

Artigo 75. *Vinculación ao fin.*

A Administración pública a que se afectasen os bens ou dereitos utilizaraos de acordo co fin sinalado, e exercerá sobre eles as correspondentes competencias demaniais.

A Dirección Xeral do Patrimonio do Estado poderá en calquera momento demandar canta información sexa precisa, e realizar as actuacións necesarias para constatar o correcto cumprimento do previsto na orde pola que se acordou a mutación.

Artigo 76. *Resolución.*

Se concorrer algunha das causas de resolución previstas, ou o ben ou dereito for necesario para os fins propios da Administración xeral do Estado ou dos seus organismos públicos, acordarase a resolución, que producirá efecto coa subscripción da acta correspondente polas partes ou, se for o caso, por acta de toma de posesión redactada pola Dirección Xeral do Patrimonio do Estado.

Artigo 77. *Mutación demanial de bens mobles.*

A mutación demanial de bens mobles da Administración xeral do Estado e os seus organismos públicos para o seu destino ao cumprimento de fins de uso ou servizo público competencia doutras administracións públicas, será realizada polos propios departamentos ou organismos que teñan os bens afectados ou adscritos, que os xestionen ou que sexan os seus titulares, mediante a formalización polas partes das correspondentes actas de entrega e recepción, nos termos do artigo 72.3 da lei, sen que esta mutación altere a titularidade dos bens nin o seu carácter demanial.

TÍTULO IV

Administración e explotación de bens e dereitos patrimoniais

CAPÍTULO I

Administración de bens e dereitos patrimoniais

Artigo 78. *Conservación, xestión e administración de bens e dereitos patrimoniais.*

1. A conservación dos bens e dereitos patrimoniais que o artigo 130 da lei atribúe á Dirección Xeral do Patrimonio do Estado exercerase a través das delegacións de Economía e Facenda, e incluírá o exercicio por estas das facultades correspondentes e a adopción das medidas necesarias para o mellor mantemento de tales bens e dereitos.

A xestión e administración dos bens e dereitos patrimoniais que, de conformidade co artigo 9.2 da lei, corresponde ao Ministerio de Economía e Facenda, exercerase a través da Dirección Xeral do Patrimonio do Estado, que poderá ditar as resolucións necesarias para o mellor cumprimento de tales funcións, en colaboración coas delegacións de

Economía e Facenda, sen prexuízo das competencias que a lei e este regulamento lle atribúan expresamente.

2. A conservación, xestión e administración dos bens e dereitos patrimoniais no estranxeiro exercerase a través do Ministerio de Asuntos Exteriores e de Cooperación, e incluírá a realización das actuacións e a adopción das medidas necesarias para o mellor cumprimento de tales funcións.

CAPÍTULO II

Explotación de bens e dereitos patrimoniais

Sección 1.^a Normas xerais

Artigo 79. *Capacidade e competencia.*

1. A Administración xeral do Estado e os seus organismos públicos poderán concertar negocios xurídicos de explotación de bens e dereitos con persoas físicas ou xurídicas que gocen de capacidade de obrar de acordo co previsto no Código civil.

Se a explotación se realiza por concurso, poderanse recoller no prego de condicións particulares requisitos adicionais sobre o adxudicatario, en atención ao obxecto do concurso.

A subrogación dun terceiro nos dereitos e obrigas do adxudicatario quedará sometida á expresa autorización do órgano competente para adxudicar o negocio, de conformidade co artigo 107.5 da lei.

2. Serán competentes para tramitar e acordar a explotación de bens e dereitos os órganos sinalados no artigo 105 da lei, sen prexuízo das especialidades previstas na lei, o regulamento e a lexislación específica.

Artigo 80. *Obxecto e prazo.*

A explotación implicará un aproveitamento rendible do ben ou dereito de que se trate, e suxeitarase aos requisitos fixados nos artigos 105 e 106 da lei. A duración fixarase en atención á natureza do ben ou dereito obxecto de explotación e ao fin perseguido con ela.

Non se someterán ás regras deste capítulo as autorizacións de uso en precario que outorgue a Dirección Xeral do Patrimonio do Estado no exercicio das competencias de xestión que lle corresponden. Estas autorizacións serán en todo caso revogables e deberán recoller as limitacións e condicións aplicables ao uso outorgado.

Artigo 81. *Formalización, gastos e pagamento.*

A formalización do contrato de explotación, así como o pagamento dos gastos derivados dela, axustaranse ao previsto no artigo 113 da lei.

Sección 2.^a Procedemento de adxudicación directa

Artigo 82. *Documentación e procedemento.*

No procedemento de adxudicación directa da explotación deberase xuntar ao expediente unha memoria que xustifique os motivos que aconsellan a explotación do ben ou dereito, así como as causas polas que se acode á súa adxudicación directa de conformidade co artigo 107.1 da lei, logo do informe, de ser o caso, dos servizos técnicos correspondentes.

A esta memoria unirase a documentación relativa á personalidade e capacidade de quen solicita a explotación e, de ser o caso, do seu representante; a identificativa do ben ou dereito, tanto técnica como xurídica, incluíndo, se é o caso, as certificacións rexistral e

catastral; e as condicións da explotación, con expresa mención do prezo ou da renda derivada da explotación, determinados de conformidade co previsto no artigo 114 da lei.

A proposta de resolución incorporará as citadas condicións, que deberán ser previamente aceptadas polo interesado, e someterase a informe da Avogacía do Estado ou órgano a que corresponda o asesoramento xurídico, así como ao da Intervención Xeral da Administración do Estado no suposto previsto no artigo 112.3 da lei.

Sección 3.ª Procedemento de adxudicación mediante concurso

Artigo 83. Prego de condicións.

No procedemento de adxudicación da explotación de bens e dereitos por concurso, deberá xuntarse ao expediente, xunto coa memoria que xustifique os motivos que aconsellan a explotación do ben ou dereito, un prego de condicións do concurso, que deberá conter, polo menos, os seguintes puntos:

- a) Descrición técnica e xurídica do ben ou dereito cuxa explotación se solicita, incluíndo, se for o caso, as certificacións rexistral e catastral.
- b) Criterios de adxudicación e forma de valoración e ponderación.
- c) Condicións polas que se rexerá a explotación.
- d) Garantías que se deban constituír para o seu adecuado cumprimento e formas ou modalidades que poidan adoptar.
- e) Modelo de presentación de ofertas e modo en que se desenvolverá a licitación.

O prego de condicións do concurso someterase a informe da Avogacía do Estado ou órgano ao cal corresponda o asesoramento xurídico, segundo o sinalado no artigo 107.2 da lei.

Artigo 84. Convocatoria pública.

Unha vez completado o expediente e aprobado o prego de condicións que rexerá a explotación, procederase á convocatoria e no seu anuncio sinalarase:

- a) O lugar, día e hora de realización do acto público de apertura de ofertas.
- b) O obxecto do concurso.
- c) O lugar de consulta ou modo de acceso ao prego de condicións particulares.
- d) Prazo durante o cal os interesados poderán presentar a documentación, o rexistro ante o cal se poderá presentar ou os medios telemáticos admitidos, e as cautelas que se deberán observar se a presentación se realiza por correo certificado.

No procedemento de adxudicación da explotación de bens e dereitos da Administración xeral do Estado por concurso, esta convocatoria corresponderalle á Dirección Xeral do Patrimonio do Estado.

Artigo 85. Presentación de documentación.

Cada ofertante poderá presentar unha única proposición que se axustará ás especificacións contidas no prego. A documentación presentarase en dous sobres pechados. O primeiro deles conterá a documentación acreditativa da súa personalidade e capacidade, e do seu representante, se é o caso, e o segundo sobre incluirá a proposta correspondente.

Artigo 86. Mesa de licitación.

1. Dentro dos dez días hábiles seguintes á conclusión do prazo fixado para a presentación de proposicións constituirase a mesa de licitación, que nas explotacións de bens e dereitos da Administración xeral do Estado estará presidida polo director xeral do Patrimonio do Estado, ou funcionario que designe, con presenza de dous funcionarios da

Dirección Xeral do Patrimonio do Estado designados por aquel, un deles en calidade de secretario con voz e voto, un avogado do Estado e un interventor.

2. A mesa examinará a documentación recollida no primeiro sobre e, se apreciar a existencia de erros emendables, notificarallo aos interesados para que nun prazo máximo de cinco días procedan a esta emenda. Transcorrido este prazo, a mesa determinará que licitantes se axustan aos criterios de selección sinalados no prego.

Artigo 87. *Apertura de sobres.*

1. No lugar e hora sinalados no anuncio e en acto público procederáse á lectura da lista de licitantes admitidos e realizarase a apertura dos sobres que conteñan as proposicións ao concurso, podendo rexeitarse no momento aquelas que se aparten substancialmente do modelo ou comportaren erro manifesto.

No prazo máximo dun mes contado desde a celebración dese acto, a mesa analizará as propostas atendendo aos criterios e ao procedemento fixados no prego, e poderá solicitar, antes de formular a súa proposta, cantos informes técnicos considere precisos e que se relacionen co obxecto do concurso.

Determinada pola mesa a proposición máis vantaxosa, redactarase acta, sen que a proposta de adxudicación cree ningún dereito a favor do adxudicatario proposto.

2. Corresponderá ao órgano competente adoptar a resolución oportuna, logo do informe da Avogacía do Estado ou do órgano a que corresponda o asesoramento xurídico, así como da Intervención Xeral da Administración do Estado no suposto previsto no artigo 112.3 da lei. Non obstante poderá apartarse da proposta ou declarar deserto o concurso de forma motivada.

Sección 4.ª Explotación de propiedades incorporais

Artigo 88. *Competencia.*

Os dereitos de propiedade incorporal que fosen xerados por un determinado departamento ou organismo serán administrados e poderán ser explotados por este, de conformidade coas regras previstas neste capítulo.

Sección 5.ª Explotación de bens e dereitos no estranxeiro

Artigo 89. *Competencia.*

A explotación de bens e dereitos da Administración xeral do Estado no estranxeiro será acordada polo Ministerio de Asuntos Exteriores e de Cooperación, co informe previo favorable do ministro de Economía e Facenda, no cal se considerará a oportunidade e as condicións da explotación.

O procedemento para acordar a explotación axustarase no posible ás normas deste capítulo, en función da natureza do ben ou dereito e a lexislación local aplicable.

TÍTULO V

Xestión patrimonial

CAPÍTULO I

Arrendamento de inmuebles

Artigo 90. *Competencia e procedemento*

1. A Administración xeral do Estado e os seus organismos públicos poderán arrendar os bens inmuebles que precisen para o cumprimento dos seus fins a través do procedemento e cos requisitos establecidos no capítulo III do título V da lei.

Corresponderá ao ministro de Economía e Facenda, de acordo co sinalado no artigo 122 da lei e logo dos trámites oportunos, acordar o arrendamento ou a súa prórroga, salvo que esta se recolla de forma expresa no contrato e, neste caso, operará automaticamente.

Igualmente, corresponderá ao dito órgano acordar a novación do arrendamento, a súa resolución anticipada ou o cambio de organismo ocupante. Nos supostos de novación de carácter subxectivo, poderase incorporar ao expediente o informe técnico emitido con ocasión da concertación do arrendamento, e nos supostos de novación por redución da renda acordada, aquel poderá consistir nunha ratificación da nova renda pactada.

2. Os arrendamentos concertados mediante concurso público rexeranse polo establecido nas disposicións que regulan a adquisición de bens por concurso, en todo o que sexa compatible coa súa natureza.

CAPÍTULO II

Alleamento de inmuebles e dereitos sobre eles

Sección 1.ª Forma de alleamento de bens inmuebles ou dereitos sobre eles

Artigo 91. *Selección do procedemento.*

Os bens inmuebles e dereitos sobre eles da Administración xeral do Estado e os seus organismos públicos allearanse mediante concurso, poxa ou adxudicación directa. No acordo de incoación do procedemento, sinalado no artigo 138 da lei, determinarase de forma motivada o modo de venda seleccionado.

Artigo 92. *Concurso.*

1. No alleamento por concurso, a adxudicación recaerá na proposición que no seu conxunto resulte máis vantaxosa, atendendo aos criterios que se fixasen nos correspondentes pregos, que serán adicionais ao prezo de venda.

Os criterios que determinen o alleamento por concurso atenderán ás políticas públicas en vigor. Para estes efectos, poderanse incorporar consideracións relativas á promoción de vivendas sometidas a algún réxime de protección pública, a características especiais destas vivendas en atención á súa tipoloxía ou destinatarios, a condicións ambientais ou de protección da paisaxe urbana, rural ou natural, á difusión de valores culturais, á mellora das condicións sociais ou de accesibilidade, á xeración de equipamentos públicos e, en xeral, calquera criterio que resulte adecuado ás políticas públicas e impliquen, no seu cumprimento, coadxuvar á súa execución.

En todo caso, estes criterios non poderán determinar a venda dun ben ou dereito por un prezo inferior ao cincuenta por cento do seu valor de taxación.

2. O concurso poderase realizar con prezo fixo, cando a venda teña por obxecto bens ou dereitos sobre estes cuxo valor veña determinado ou limitado por unha norma legal, ou cun prezo mínimo que poderá ser superado e que se considerará xunto cos restantes criterios de venda.

3. As seguintes regras serán de aplicación aos alleamentos por concurso de bens e dereitos sobre eles da Administración xeral do Estado e dos seus organismos públicos:

a) Os departamentos ministeriais ou organismos públicos, en atención ao seu ámbito de competencia e ao fin perseguido, poderán propor ao órgano competente para o alleamento a venda por concurso dun determinado ben ou de determinadas categorías de bens, debendo xustificar esta proposta e achegar, de ser o caso, os criterios preferentes de adjudicación.

b) Poderá igualmente solicitarse informe ás restantes administracións públicas respecto dos bens sitos no seu territorio, para efectos de fixar as condicións do concurso e atendendo á súa incidencia no ámbito das súas competencias.

c) Cando a venda se efectúe por concurso por proposta dun departamento ministerial ou organismo distinto do competente para o alleamento, cando se deba realizar un protocolo ou convenio con outras administracións públicas relacionado co concurso, ou cando o órgano competente para o alleamento o coide conveniente, elevará unha proposta ao Consello de Ministros para que este autorice as condicións que vaian rexer o concurso e demais puntos que se coiden oportunos.

Artigo 93. *Poxa.*

1. De conformidade co sinalado no artigo 137 da lei, allearanse por poxa aqueles bens inmoables ou dereitos sobre eles que pola súa localización, natureza ou características sexan inadecuados para atender as directrices derivadas das políticas públicas e en particular, da política de vivenda.

2. Especificamente, poderase acudir á poxa para o alleamento dos seguintes tipos de bens inmoables:

a) Os que se encontren na situación básica de solo rural, nos termos previstos na alínea a) do artigo 12.2 do Real decreto legislativo 2/2008, do 20 de xuño, polo que se aproba o texto refundido da Lei do solo, ou equivalente segundo a lexislación urbanística aplicable.

b) Os clasificados como solo urbanizado, ou os incursos na situación prevista na alínea b) do artigo 12.2 do Real decreto legislativo 2/2008, do 20 de xuño, polo que se aproba o texto refundido da Lei do solo, cuxo destino sexa dotacional, terciario, industrial ou equivalente.

c) As vivendas baleiras que non se insiran en grupos ou conxuntos homoxéneos que requiran un tratamento xurídico singular.

d) Os de cualificación residencial que pola súa situación, dimensións, condicións xurídicas ou polos parámetros urbanísticos aplicables non admitan unha variedade de usos.

3. A poxa poderase celebrar á alza, con presentación de ofertas en sobre pechado, se for o caso, ou excepcionalmente á baixa, cando concorran circunstancias debidamente acreditadas que así o aconsellen.

A poxa de bens e dereitos da Administración xeral do Estado mediante procedementos electrónicos, informáticos ou telemáticos seguirá o procedemento que se acorde por orde do ministro de Economía e Facenda.

Artigo 94. *Venda directa.*

1. Poderanse allear de forma directa os bens e dereitos sobre eles nos supostos previstos no artigo 137.4 da lei.

2. Cando solicite a adquisición dun ben máis dun propietario estremeiro nos supostos sinalados no artigo 137.4. e) e f), será preferido para a venda directa o propietario do

inmable de menor superficie dos que, mediante a súa agrupación co que se pretende adquirir, cheguen a constituír un soar edificable ou unha superficie economicamente explotable ou susceptible de prestar utilidade acorde coa súa natureza, todo iso en atención ás normas especiais que, se é o caso, rexan a materia.

De non concorreren tales circunstancias, será preferido o propietario do inmable de maior superficie.

3. Cando a venda a soliciten dous ou máis copropietarios, no suposto previsto no artigo 137.4 g), o alleamento poderá efectuarse pro rata entre eles.

4. As cláusulas particulares que se introduzan nos alleamentos directos deberán ser expresamente aceptadas polo interesado.

Sección 2.^a Disposicións comúns ao procedemento de alleamento

Artigo 95. Capacidade e competencia.

1. Poderán ser adquirentes dos bens e dereitos da Administración xeral do Estado e dos seus organismos públicos as persoas físicas ou xurídicas que gocen de capacidade de obrar, de acordo co previsto no Código civil.

2. Non poderán ser adquirentes as persoas que solicitasen ou estean declaradas en concurso, fosen declaradas insolventes en calquera procedemento, estean suxeitas a intervención xudicial ou fosen inhabilitadas conforme a Lei 22/2003, do 9 de xullo, concursal.

3. Poderanse recoller no prego de condicións particulares requisitos adicionais que se exixan ao adquirente en atención ao ben ou dereito obxecto do concurso e aos fins públicos perseguidos con el.

4. Serán competentes para tramitar e acordar os alleamentos de bens e dereitos os órganos sinalados no artigo 135 da lei.

Artigo 96. Obxecto e condicións.

1. O alleamento dun ben ou dereito sobre el requirirá a súa previa desafectación expresa, se for demanial, así como a súa regularización física e xurídica, salvo o previsto no artigo 136.2 da lei.

2. O alleamento de bens litixiosos realizarase con suxeición ao sinalado no artigo 140 da lei, aínda que o órgano competente poderá en calquera momento acordar a suspensión do procedemento cando se coide conveniente para os intereses públicos.

3. Nos alleamentos directos ou por poxa, poderanse impoñer condicións ou limitacións relativas ao uso, destino ou disposición do inmable ou dereito sobre el obxecto de venda, que serán tidas en conta para efectos da súa taxación, e que poderán acceder ao rexistro da propiedade segundo o previsto na disposición adicional cuarta do Real decreto legislativo 2/2008, do 20 de xuño, polo que se aproba o texto refundido da Lei do solo.

Se estas condicións ou limitacións, impostas nun alleamento directo, tiveren por obxecto coadjuvar a unha determinada política pública en vigor e, en particular, á política da vivenda, aplicaranse as regras previstas no artigo 92.3.

Igualmente, poderanse establecer cláusulas de repartición de plusvalías cando concorran circunstancias que determinen unha posible alteración do valor do ben ou dereito obxecto de venda nun prazo determinado ou polo cumprimento de determinadas condicións.

Artigo 97. Prego de condicións.

1. A venda por poxa ou concurso rexeráse por un prego de condicións. Para estes efectos, o ministro de Economía e Facenda poderá aprobar os pregos xerais que rexerán cada forma de venda, que se publicarán no Boletín Oficial del Estado.

2. Os pregos de condicións particulares que rexerán cada procedemento de alleamento de bens e dereitos da Administración xeral do Estado polo Ministerio de Economía e Facenda, serán elaborados pola delegación de Economía e Facenda en que

radique o ben ou dereito obxecto de alleamento, e serán sometidos a informe da Avogacía do Estado na provincia, así como da Dirección Xeral do Patrimonio do Estado se a venda for por poxa e o prego incluíse cláusulas ou requisitos adicionais ao prezo ou non recollidos no prego xeral.

Se se tiver acordado a venda por concurso, as súas condicións serán fixadas pola Dirección Xeral do Patrimonio do Estado, logo de autorización, se for o caso, do Consello de Ministros, de acordo co previsto no artigo 92.3 c) deste regulamento.

3. Nos pregos recolleranse necesariamente os seguintes puntos:

- a) Plena descrición física e xurídica do ben ou dereito obxecto de venda, con inclusión dos datos rexistrados e catastrais, e con expresa mención de cargas e gravames, se os tiver, ou da súa natureza litixiosa, de ser o caso.
- b) Taxación do ben ou dereito, que determinará o tipo de licitación.
- c) Procedemento de venda seleccionado, modo de presentación de ofertas e forma en que se desenvolverá a licitación.
- d) Modo de constitución da garantía e de pagamento do prezo.
- e) Demais condicións do alleamento.

Artigo 98. *Garantía, formalización e pagamento.*

1. Para optar á adquisición, de acordo co artigo 137.6 da lei, o interesado deberá constituír unha garantía equivalente ao vinte e cinco por cento do tipo de licitación ou do prezo do ben ou dereito, na forma e lugar que se sinalen en función do modo de venda seleccionado, o que en ningún caso lle outorgará ningún dereito á venda. Este depósito devolveráselles a aqueles que non resultasen adxudicatarios, se a venda se realiza por poxa ou concurso, ou ao interesado nunha venda directa, se esta non se chegar a efectuar.

A resolución pola que se acorde o alleamento notificarase a quen resulte finalmente adquirente, que deberá completar o pagamento do prezo no prazo dun mes desde a súa recepción, aínda que este prazo se poderá modificar motivadamente, todo iso sen prexuízo do sinalado no artigo seguinte. A este pagamento aplicaráselle, de ser o caso, a cantidade xa entregada.

2. De acordo co previsto no artigo 113.3 da lei, os alleamentos de bens inmoables ou dereitos sobre eles formalizaranse en escritura pública.

Os gastos derivados da operación serán por conta do adquirente, salvo que se sinalase algo distinto no prego correspondente ou na comunicación que se efectúe ao interesado nunha venda directa.

Nos supostos de poxa ou concurso, poderán facerse recaer no adquirente os gastos de anuncios non gratuítos, si así se sinalase no prego.

Nos supostos de venda directa, poderán facerse recaer no adquirente os gastos derivados da defensa e conservación do ben ou dereito xerados durante o transcurso do procedemento, logo da súa aceptación de conformidade co artigo 94.4.

Artigo 99. *Pagamento adiado.*

1. Na resolución pola que se acorde o alleamento poderase autorizar o pagamento adiado do prezo por prazo non superior a dez anos, sempre que o pagamento das cantidades adiadadas se garantan suficientemente, atendendo ás características do ben e dereito alleado, ao seu prezo e ás circunstancias concorrentes, con respecto en todo caso aos principios de proporcionalidade e boa xestión.

Este adiamento suxeitarase ás seguintes regras:

- a) A garantía aplicarase, na súa totalidade, ao primeiro pagamento.
- b) Os seguintes pagamentos adiadados efectuaranse tomando como referencia a data de asinamento da resolución que autoriza a venda, e xerarán un xuro non inferior ao legal do diñeiro nin superior ao de demora tributaria.

c) As cantidades pendentes de pagamento quedarán garantidas mediante condición resolutoria explícita ou ben mediante hipoteca, aval bancario, seguro de caución ou outra garantía suficiente usual no mercado.

Estas regras poderanse modificar ou substituír por outras condicións cando concorran motivos xustificados que aconsellen adoptar un modo de adiamento distinto.

2. Poderase incluír o pagamento adiado como condición particular no prego que rexerá a poxa ou o concurso, ou poderá ofrecerse ao interesado na venda directa, de acordo co principio de liberdade de pactos. En tales casos, atenderase aos criterios antes sinalados para a fixación do adiamento.

Artigo 100. *Alleamentos por organismos públicos.*

O alleamento de bens propios por organismos públicos que teñan legalmente recoñecida esta facultade exixirá a súa comunicación previa á Dirección Xeral do Patrimonio do Estado, para efectos do exercicio da incorporación a que se refiren os artigos 80 e 81 da lei.

Esta comunicación irá acompañada da documentación identificativa do ben ou dereito obxecto de venda e deberase formular con carácter previo á adopción de compromisos con terceiros sobre este.

Recibida a comunicación, a Dirección Xeral do Patrimonio do Estado procederá á súa análise, para efectos de determinar a conveniencia da incorporación do ben correspondente ao patrimonio da Administración xeral do Estado, podendo solicitar información complementaria.

De transcorreren dous meses sen que se reciba da dita dirección xeral comunicación ningunha ao respecto, o organismo poderá proceder ao alleamento proposto que, unha vez formalizado, se notificará para efectos da súa constancia no Inventario xeral de bens e dereitos do Estado.

Artigo 101. *Alleamento de bens inmuebles no estranxeiro.*

O procedemento para o alleamento de bens inmuebles e dereitos sobre eles da Administración xeral do Estado no estranxeiro será tramitada e resolta polo Ministerio de Asuntos Exteriores e de Cooperación, logo do informe favorable do ministro de Economía e Facenda, no cal se considerará a oportunidade e as condicións da venda.

Este alleamento axustarase no posible ás normas deste capítulo, en función da natureza do ben e a lexislación local aplicable. Formalizada a venda, remitirase a súa documentación acreditativa á Dirección Xeral do Patrimonio do Estado, para efectos da súa constancia no Inventario xeral de bens e dereitos do Estado.

Sección 3.ª Iniciación do procedemento

Artigo 102. *Incoación.*

1. O procedemento para o alleamento de bens e dereitos sobre eles iniciarase coa adopción do acordo de incoación, segundo o sinalado no artigo 138.1 da lei.

Este acordo recollerá unha completa descrición do ben ou dereito que se allea, a súa inclusión no Inventario xeral de bens e dereitos do Estado, o valor de taxación e o procedemento previsto para a súa venda.

2. A incoación do procedemento requirirá a taxación previa do ben ou dereito, de conformidade co artigo 114 da lei. Esta taxación manterá a súa validez durante o prazo dun ano contado desde a súa aprobación, e en tal prazo deberase producir quer a publicación do anuncio de celebración da poxa ou o concurso, no cal se mencionará o tipo de saída, quer a aceptación polo adquirente do prezo e das condicións de venda, mediante o ingreso do vinte e cinco por cento do prezo por requirimento do órgano competente, no suposto de adxudicación directa.

*Sección 4.ª Procedemento de alleamento por poxa pública*Artigo 103. *Convocatoria.*

1. Unha vez incoado o procedemento de venda e elaborado o prego de condicións particulares nos termos sinalados no artigo 97 deste regulamento, procederase á convocatoria da poxa na forma prevista no artigo 138.3 da lei, o que corresponderá á delegación de Economía e Facenda no alleamento de bens e dereitos sobre eles da Administración xeral do Estado polo Ministerio de Economía e Facenda.

2. No anuncio da convocatoria sinalarase:

- a) O lugar, día e hora de celebración da poxa.
- b) A descrición do ben ou dereito, ou do lote de bens que van ser obxecto de venda, con indicación dos seus datos catastrais e rexistrais, e con expresión, se é o caso, das cargas e gravames que lles puideren afectar.
- c) O tipo da poxa.
- d) O lugar de consulta ou modo de acceso ao prego de condicións particulares.

No suposto de que se admitise a simultánea presentación de ofertas en sobre pechado, sinalarase ademais na convocatoria o prazo durante o cal os interesados poderán presentar a documentación requirida.

Artigo 104. *Poxa á alza.*

A venda por poxa á alza de bens e dereitos sobre eles da Administración xeral do Estado polo Ministerio de Economía e Facenda, levarase a cabo nos seguintes termos:

a) Na data sinalada constituirase a mesa de licitación, que estará presidida polo delegado de Economía e Facenda da provincia onde radique o ben ou bens obxecto de venda, ou funcionario en quen delegue, con presenza dun avogado do Estado, un interventor da intervención territorial ou rexional, e un funcionario da secretaría xeral da referida delegación, designado polo delegado, que actuará de secretario con voz e voto.

b) Poderán participar na licitación as persoas físicas ou xurídicas que cumpran as condicións previstas no artigo 95.1. Unha vez aberta a sesión en acto público, os interesados que concorran acreditarán ao momento a súa personalidade, capacidade e representación, se é o caso, mediante a exhibición dos documentos sinalados no prego, e presentarán unha declaración responsable de non estaren incurso na prohibición recollida no artigo 95.2 e de non incorreren en ningunha situación de incompatibilidade segundo a normativa específica aplicable. Así mesmo, acreditarase a constitución da garantía no modo sinalado no prego ou, se estiver expresamente admitido, procederase á súa constitución no acto.

c) A seguir abrírase o prazo para a formulación das poxas e íranse admitindo as ofertas que vaian mellorando o tipo de saída, rematándose a poxa a favor do licitador que efectúe a máis alta para cada un dos bens ou lotes ofertados.

d) En caso de que así o recolla o prego de condicións, poderanse admitir ofertas en sobre pechado, no cal se incluírán os documentos citados na alínea b), e en sobre á parte, a oferta económica. Antes de abrir a licitación, procederase á apertura do primeiro sobre, co fin de determinar que licitadores poden concorrer á poxa. O presidente da mesa advertirá os licitadores da existencia de poxas en sobre pechado. Unha vez que finalicen as poxas á alza, procederase á apertura dos sobres que conteñan a oferta económica. Se algunha das ofertas formuladas por esta vía supera a máis alta ofrecida a man alzada, abrírase nova poxa entre os presentes. Declararase mellor rematante o licitador que fixer a oferta máis elevada, incluídas as contidas nos sobres.

Artigo 105. *Adxudicación.*

1. Do resultado da poxa celebrada redactarase acta, que será asinada polo mellor ofertante, se estiver presente, sen que a proposta de adxudicación vincule o órgano

competente nin xere ningún dereito para o mellor ofertante, de conformidade co previsto no artigo 138.5 da lei.

A resolución será adoptada polo órgano competente sinalado no artigo 135 da lei, logo do informe da Avogacía do Estado ou órgano de asesoramento correspondente.

2. Se o adxudicatario provisional renunciar á adquisición, ou non atender ás obrigas que lle corresponden, perderá o depósito constituído en concepto de garantía, sen prexuízo da indemnización polas eventuais perdas que se orixinasen. En ambos os supostos, poderase proceder á adxudicación ao segundo mellor ofertante da poxa.

Artigo 106. *Poxas sucesivas.*

1. De quedar deserta a primeira poxa, poderanse realizar ata tres poxas sucesivas máis sobre o mesmo ben, sendo o tipo de licitación o da poxa inmediata anterior, que se poderá reducir ata nun quince por cento en cada nova poxa por resolución motivada do órgano competente.

2. Esta resolución corresponderalle ao delegado de Economía e Facenda, nos alleamentos do dito ministerio, agás que a Dirección Xeral do Patrimonio do Estado, por iniciativa propia ou por proposta daquela, acorde en calquera momento non convocar novas poxas.

Artigo 107. *Nova poxa.*

Transcorridos dous anos desde a data de realización da primeira poxa sen que se adxudicasen os bens ou dereitos, de se celebrar nova poxa, esta terá o carácter de primeira; para este efecto realizarase unha nova taxación.

Artigo 108. *Poxa con proposición económica en sobre pechado.*

Á poxa en sobre pechado aplicaráselle as normas do artigo 103 coas seguintes especialidades:

a) Na convocatoria da poxa sinalarase expresamente a modalidade seleccionada, con indicación do prazo durante o cal os interesados poderán presentar as ofertas para a poxa, o rexistro ante o cal se poderá presentar ou os medios telemáticos admitidos, e as cautelas que se deberán observar se a presentación se realiza por correo certificado.

b) No prego de condicións particulares detallaranse os documentos que se deberán presentar en sobre pechado, que serán aqueles que acrediten a personalidade, capacidade e, se é o caso, representación do licitador, a declaración responsable de non estar incurso na prohibición recollida no artigo 95.2 e de non incorrer en ningunha situación de incompatibilidade segundo a normativa específica aplicable, e o documento acreditativo da constitución da garantía. Dentro deste sobre incluírase, en sobre pechado á parte, a oferta económica sobre os bens ou lotes que se poxan.

c) Nos dez días hábiles seguintes á conclusión do prazo de admisión das ofertas constituirase a mesa, que examinará a documentación recollida na alínea b) anterior, non admitindo á poxa os licitadores que non presentasen a documentación requirida. A seguir, terminada a fase de cualificación de documentos, no lugar e hora sinalados no anuncio e en acto público, procederase á lectura da lista de licitadores admitidos, e realizarase a apertura dos sobres que conteñan as proposicións económicas, á vista do cal a mesa declarará mellor rematante o licitador que formulase a oferta máis elevada.

d) De existir un empate entre as mellores ofertas, dirimirase no acto, de estaren os licitadores presentes, abrirase unha poxa á alza e adxudicarase provisionalmente o ben ao que presentase unha oferta económica máis elevada. Se algún dos licitadores empatados non estiver presente, a adxudicación recaerá sobre o que primeiro presentase a súa oferta, para o cal se atenderá á data de entrada nalgún dos rexistros sinalados na convocatoria.

*Sección 5.ª Procedemento de alleamento por concurso**Artigo 109. Criterios aplicables.*

O alleamento de bens ou dereitos mediante concurso poderase efectuar por procedemento aberto ou restrinxido.

En ambos os supostos, os criterios seleccionados para rexer o concurso atenderán á política ou políticas públicas en vigor cuxo fomento se persegue co alleamento, ao destino fixado para o ben ou dereito e o modo previsto para o seu cumprimento, e ás condicións que permitan unha mellor satisfacción dos intereses públicos.

Pola súa vez, os criterios de admisión dos licitadores atenderán ás condicións de solvencia económica ou de dedicación profesional que se consideren necesarias para o correcto cumprimento e satisfacción dos fins perseguidos polo concurso.

Cada licitador poderá presentar só unha única proposición, que implicará a aceptación das cláusulas contidas nos pregos reguladores.

Artigo 110. Prego de condicións particulares.

Os pregos de condicións particulares que rexerán cada concurso incluírán, ademais das mencións sinaladas no artigo 97, as seguintes:

- a) Os criterios para a admisión de licitadores e para a adxudicación do concurso, e a súa ponderación, podendo concretar a fase de valoración en que operarán tales criterios e, se é o caso, o limiar mínimo de puntuación que na súa aplicación poida ser exixido.
- b) Indicación expresa, se for o caso, da autorización de variantes ou alternativas, con expresión dos seus requisitos, límites e aspectos sobre os cales son admitidas.
- c) Garantías que se deben constituír para o adecuado cumprimento das obrigas e formas ou modalidades que poidan adoptar.
- d) Dereitos e obrigas específicas das partes.
- e) Causas especiais de resolución do negocio.
- f) Documentación preceptiva e modo de presentación.

Artigo 111. Procedemento aberto.

No procedemento aberto, a documentación presentarase en dous sobres pechados. O primeiro deles conterá a documentación acreditativa da personalidade, capacidade e representación, de ser o caso, do licitador, e a que acredite a súa solvencia, así como a declaración responsable de non estar incurso na prohibición recollida no artigo 95.2 e de non incorrer en ningunha situación de incompatibilidade segundo a normativa específica aplicable, e o documento acreditativo da constitución da garantía.

No segundo sobre incluírase a proposición do licitador, que abranguerá a totalidade dos aspectos do concurso, incluído o prezo ofertado, salvo que o concurso se convocase con fase selectiva previa; neste caso a oferta económica presentarase en sobre pechado á parte, dentro do segundo sobre.

Artigo 112. Convocatoria.

1. Unha vez incoado o procedemento de venda e elaborado o prego de condicións particulares, procederase á convocatoria do concurso na forma sinalada no artigo 138.3 da lei, o que corresponderá á delegación de Economía e Facenda no alleamento de bens e dereitos sobre eles da Administración xeral do Estado polo Ministerio de Economía e Facenda.

2. Na convocatoria recollerase:

- a) O lugar, día e hora de celebración do acto público de apertura de ofertas.
- b) A descrición do ben ou dereito, ou do lote de bens que van ser obxecto de venda, con indicación dos seus datos catastrais e rexistrais, e con expresión, se for o caso, das cargas e gravames que os puideren afectar.
- c) O lugar de consulta ou modo de acceso ao prego de condicións particulares.

d) Modalidade seleccionada, con indicación do prazo durante o cal os interesados poderán presentar a documentación, o rexistro ante o cal se poderá presentar ou os medios telemáticos admitidos, e as cautelas que se deberán observar se a presentación se realizar por correo certificado.

Artigo 113. *Mesa de licitación e selección de licitadores.*

1. Dentro dos cinco días hábiles seguintes á conclusión do prazo fixado para a presentación de proposicións constituirase a mesa de licitación, que nos procedementos de alleamento de bens e dereitos da Administración xeral do Estado polo Ministerio de Economía e Facenda, estará presidida polo director xeral do Patrimonio do Estado ou funcionario en quen delegue, con presenza dun funcionario da Dirección Xeral do Patrimonio do Estado designado por aquel, un avogado do Estado, un interventor e un funcionario da Secretaría Xeral da Delegación de Economía e Facenda da provincia en que radique o ben ou bens obxecto de venda, designado polo delegado, que actuará de secretario con voz e voto. A esta mesa incorporárase un representante designado polo departamento interesado, se a venda se efectúa por proposta deste.

2. A mesa procederá a examinar a documentación recollida no primeiro sobre, e de apreciar a existencia de erros emendables, notificarallo aos interesados para que nun prazo máximo de cinco días procedan a esta emenda. Transcorrido este prazo, a mesa determinará que licitadores se axustan aos criterios de selección sinalados no prego.

Artigo 114. *Apertura de proposicións e adxudicación.*

No lugar e hora sinalados no anuncio e en acto público, procederase á lectura da lista de licitadores admitidos e realizarase a apertura dos sobres que conteñan as proposicións ao concurso, podendo rexeitarse no momento aquelas que non gardasen concordancia coa documentación examinada e admitida, que se aparten substancialmente do modelo ou comporten erro manifesto.

No prazo máximo de dous meses contados desde a celebración deste acto, a mesa analizará as propostas atendendo aos criterios e ao procedemento fixado no prego, e poderá solicitar, antes de formular a súa proposta, cantos informes técnicos considere precisos e que se relacionen co obxecto do concurso.

Determinada pola mesa a proposición máis vantaxosa, redactarase acta, sen que a proposta de adxudicación vincule o órgano competente para o alleamento, de conformidade co previsto no artigo 138.5 da lei.

Artigo 115. *Renuncia ou incumprimento.*

1. Se o adxudicatario provisional renunciase á adquisición ou non atendese as obrigas que lle corresponden, perderá o depósito constituído en concepto de garantía, sen prexuízo da indemnización das eventuais perdas que se orixinasen.

En ambos os casos poderase proceder ben á adxudicación á segunda oferta máis vantaxosa ben á declaración motivada do concurso como deserto; neste caso poderase realizar a venda por poxa.

2. Corresponderá ao órgano competente para tramitar o alleamento adoptar as medidas oportunas para garantir o cumprimento polo adquirente dos compromisos adquiridos, atendendo ao previsto no prego de cláusulas particulares, cuxo contido contractual se incorporará á resolución e á escritura de formalización do alleamento.

Artigo 116. *Procedemento restrinxido.*

No procedemento restrinxido, aplicaranse as normas previstas para o procedemento aberto, aínda que a selección dos candidatos se efectuará nunha fase previa. Para estes efectos recolleranse no prego de condicións particulares os criterios do solvencia de acordo con que serán elixidos os candidatos aos cales se convidará a participar no alleamento, así como o número mínimo e, se é o caso máximo, de licitadores aos cales se proxecta convidar.

Sección 6.^a Procedemento de venda directa

Artigo 117. *Comunicación ao adquirente.*

Nos supostos de venda directa regulados no artigo 137 da lei, unha vez incoado o procedemento, comunicáraselle ao solicitante o propósito de vender o ben ou dereito con expresión do prezo de venda, e con indicación de que esta comunicación e o cumprimento do previsto nela en ningún caso xeran dereito ningún ao alleamento no seu favor. No caso de que o ben ou dereito teña cargas ou gravames, ou sexa litixioso, indicárase expresamente, de acordo co sinalado no artigo 140 da lei.

Para continuar o procedemento de alleamento, o interesado deberá aceptar o prezo e os termos da venda e efectuar, no prazo sinalado na comunicación, o depósito correspondente na forma e lugar designados para o efecto.

Se, acordada a venda, o adquirente non atender as obrigas que lle corresponden, resolverase a venda con perda do depósito constituído en concepto de garantía.

Artigo 118. *Resolución.*

A adxudicación acordárase por resolución do órgano competente logo do informe da Avogacía do Estado ou do órgano a que corresponda o asesoramento xurídico, e da Intervención Xeral da Administración do Estado no suposto previsto no artigo 112.3 da lei.

CAPÍTULO III

Procedementos especiais

Artigo 119. *Participación en actuacións de transformación urbanística.*

1. De conformidade co artigo 139 da lei, os departamentos ou organismos que teñen afectados ou adscritos, ou que xestionen bens ou dereitos incluídos no ámbito dunha actuación de transformación ou que resulten adscritos a ela, participarán na execución da actuación e, se é o caso, formularán as alegacións correspondentes nos procedementos de elaboración e aprobación dos instrumentos de ordenación territorial e urbanística que afecten os citados bens, para a correcta defensa dos intereses públicos.

2. Sen prexuízo dos réximes especiais de xestión de bens e dereitos da Administración xeral do Estado e dos seus organismos públicos, cando os bens ou dereitos incluídos nun ámbito de actuación non foren imprescindibles para o cumprimento de fins públicos, procederase á súa desafectación ou desadscripción. No suposto de que tales bens ou dereitos continúen destinados a un fin ou servizo público, procederase á desafectación ou desadscripción dos aproveitamentos urbanísticos que deles deriven.

Nestes supostos, así como en actuacións que afecten bens de carácter patrimonial da Administración xeral do Estado, corresponderá á Dirección Xeral do Patrimonio do Estado representar os intereses públicos e, se é o caso, participar na execución da urbanización a través da delegación de Economía e Facenda da provincia, que exercerá esta representación e defensa ante a Administración competente ou ente de natureza urbanística, e outorgará os documentos que para iso sexa preciso.

Artigo 120. *Achega a entes públicos.*

Achega de bens e dereitos da Administración xeral do Estado a sociedades mercantís, entes públicos ou fundacións públicas estatais, recollida no artigo 132.2 da lei, requirirá a adopción do correspondente acordo de incoación e a súa taxación previa.

Na resolución correspondente determinarase o acto que motiva esta achega, as condicións a que se somete e os supostos de devolución ou reintegro, se for o caso.

CAPÍTULO IV

Alleamento de bens mobles

Artigo 121. *Competencia.*

A competencia para allear bens mobles corresponderá aos órganos sinalados no artigo 142 da lei, salvo que se trate de bens de natureza patrimonial da Administración xeral do Estado; neste caso esta competencia será do ministro de Economía e Facenda.

Artigo 122. *Procedemento.*

1. O alleamento dos bens mobles realizarase polo procedemento previsto no artigo 143.1 da lei, por poxa ou de forma directa, podendo ser entregados como parte do pagamento do prezo de adquisición doutros.

Poderán ser obxecto de cesión nos termos do artigo 143.3 os bens mobles cuxa venda non for posible ou foren considerados obsoletos. Non obstante, se non for posible ou non proceder a súa venda ou a súa cesión, poderase acordar a súa destrución, inutilización ou abandono.

2. O alleamento ou cesión formalizarase mediante documento administrativo, que implicará a entrega e recepción dos bens.

CAPÍTULO V

Permuta de bens e dereitos

Artigo 123. *Disposicións xerais.*

1. A permuta de bens e dereitos pola Administración xeral do Estado, así como polos organismos públicos con capacidade de alleamento, suxeitarase ás regras previstas no artigo 153 da lei.

Poderase acordar a adquisición de inmoables futuros mediante permuta, polo procedemento previsto para esta, sempre que estean determinados ou sexan susceptibles de determinación no momento de acordarse esta permuta, nas condicións específicas que se aproben. Será preciso, en todo caso, que quen ofrece o ben garanta suficientemente o cumprimento das súas obrigas por calquera modo admitido en dereito, e deberanse establecer os requisitos que aseguren os termos e a boa fin da operación convida.

2. A permuta de bens inmoables ou dereitos reais formalizarase en escritura pública, de conformidade co previsto no artigo 113 da lei. Os gastos derivados desta serán satisfeitos polas partes conforme a normativa vixente.

Se no ámbito da Administración xeral do Estado a permuta se efectuar por proposta dun departamento ministerial, os ditos gastos serán satisfeitos con cargo aos seus créditos orzamentarios.

Artigo 124. *Procedemento.*

1. Nos procedementos de permuta de bens e dereitos adoptarase o acordo de incoación, logo de desafectación ou desadscripción do ben ou dereito cuxa permuta se solicita, así como logo da súa depuración física e xurídica, salvo que concorran as circunstancias previstas no artigo 136.2 da lei.

2. Ao expediente de permuta de bens e dereitos deberá unirse a seguinte documentación:

a) A relativa á personalidade, capacidade e, de ser o caso, representación de quen ofrece o inmoable ou dereito cuxa permuta se solicita. De se tratar dunha Administración pública, presentarase a documentación que acredite a súa oferta, así como o cumprimento da normativa correspondente.

b) A identificativa dos bens ou dereitos que se van permutar, tanto técnica como xurídica, incluíndo, de ser o caso, certificacións rexistral e catastral.

c) Taxación dos bens ou dereitos que se van permutar.

d) Certificado de retención de crédito, no suposto de que a valoración dos bens ou dereitos non sexa equivalente e a operación xere un gasto para a Administración xeral do Estado, así como a restante documentación necesaria de acordo coa normativa orzamentaria.

3. Cando a permuta a efectúe o Ministerio de Economía e Facenda sobre bens ou dereitos da Administración xeral do Estado, esta documentación, xunto cunha memoria xustificativa da necesidade e oportunidade da operación, será presentada polo departamento ou organismo interesado, se se realiza por pedimento del, ou pola Dirección Xeral do Patrimonio do Estado, cando a permuta se efectúe por propia iniciativa.

Corresponderá á Dirección Xeral do Patrimonio do Estado aprobar a taxación e solicitar os informes previstos no artigo 112 da lei, así como elevar ao ministro de Economía e Facenda a proposta de resolución autorizando a adquisición.

4. Unha vez elaborado o expediente, con carácter previo á tramitación da proposta de resolución, deberá constar a aceptación expresa pola outra parte da valoración e dos termos da permuta.

CAPÍTULO VI

Cesión gratuíta de bens ou dereitos

Sección 1.^a Cesión gratuíta

Artigo 125. *Requisitos.*

1. De acordo co previsto no artigo 145 da lei, poderán ser beneficiarios da cesión gratuíta de bens ou dereitos patrimoniais da Administración xeral do Estado, cando esta teña por obxecto a propiedade do ben ou dereito, as comunidades autónomas, as entidades locais ou as fundacións públicas, para a realización de fins de utilidade pública ou interese social da súa competencia.

2. Poderán ser obxecto de cesión os bens non regularizados física ou xuridicamente, sempre que estas circunstancias se poñan en coñecemento do cesionario e este asuma a obriga de realizar as actuacións necesarias para a súa regularización.

3. A cesión gratuíta de bens mobles suxeitarase ás especialidades previstas no artigo 148.4 da lei.

Artigo 126. *Solicitud.*

A cesión gratuíta de bens ou dereitos da Administración xeral do Estado deberá ser solicitada polos lexítimos representantes das entidades interesadas ante a Dirección Xeral do Patrimonio do Estado ou ante a delegación de Economía e Facenda onde radique o ben correspondente, xunto coa documentación indicada no artigo 149.1 da lei e dunha memoria detallada explicativa dos fins de utilidade pública e interese social a que se pretende dedicar o ben ou dereito, así como das actuacións necesarias para a consecución dos fins previstos.

Artigo 127. *Procedemento.*

1. Recibida a citada documentación, procederase ao seu exame e comprobación, e solicitarase a súa emenda se for incompleta ou non se axustar aos requisitos preceptivos. O órgano que a recibise poderá rexeitar de plano a solicitud cando resulte contraria á regulación contida na lei e neste capítulo.

Para estes efectos, a delegación de Economía e Facenda elevará consulta á Dirección Xeral do Patrimonio do Estado cando non teña por certa a viabilidade da cesión solicitada, por razón da natureza xurídica do solicitante ou dos fins propostos.

2. A delegación de Economía e Facenda elaborará unha memoria na cal se identificará o ben ou dereito solicitado, con indicación, se for un inmovible, de se se encontra inscrito no rexistro da propiedade a nome da Administración xeral do Estado e incluído no Inventario xeral de bens e dereitos do Estado, a súa cualificación urbanística, así como as normas de planeamento que lle sexan de aplicación.

3. Co fin de determinar a procedencia da cesión gratuíta, a esta memoria unirase un informe en que se analice, por parte da citada delegación, a conveniencia da cesión, a adecuación do fin proposto á natureza do ben ou dereito, o seu valor ou os seus posibles usos alternativos.

4. Corresponderá á Dirección Xeral do Patrimonio do Estado propor ao órgano competente, segundo o sinalado no artigo 146 da lei, a resolución pola que se acorde a cesión, logo do informe da Avogacía do Estado, e da Intervención Xeral do Estado no suposto previsto no artigo 112.3 da lei.

Artigo 128. *Formalización.*

A cesión formalizarase en escritura pública, salvo que o cesionario sexa unha Administración pública ou organismo dela dependente; neste caso formalizarase en documento administrativo, de acordo co sinalado no artigo 113 da lei. A inscrición no rexistro da propiedade realizaraa o cesionario nos termos previstos no artigo 151.2 da lei, e serán por conta do cesionario os gastos que se poidan xerar no tempo que medie entre a formalización do documento administrativo e a súa inscrición rexistral.

Artigo 129. *Destino.*

Os bens ou dereitos cedidos destinaranse de modo permanente ao fin previsto, debendo constar expresamente na inscrición rexistral que se practique as mencións sinaladas no artigo 150.2 da lei, así como que o ben cedido non poderá ser transmitido nin gravado. Todo acto do cesionario que se refira ou afecte a estes bens ou dereitos deberá facer referencia á condición de destino á cal se encontran suxeitos.

Artigo 130. *Publicidade da cesión.*

Se a natureza do ben o permite, a entidade cesionaria deberá recoller nos seus medios de identificación externa e nos de difusión da actividade que nel se desenvolve a mención de que se trata dun ben cedido gratuitamente polo órgano que efectuou a cesión para os fins que na resolución se sinalasen.

Artigo 131. *Cambio de destino.*

Outorgada unha cesión gratuíta dun ben ou dereito, o cesionario poderá solicitar o seu cambio de destino, para o cal se observarán os mesmos trámites e requisitos previstos nos artigos precedentes.

Artigo 132. *Reversión.*

1. A tramitación da reversión dun ben ou dereito cedido requirirá a constatación previa da súa procedencia nos termos previstos no artigo 150 da lei. Para estes efectos, se o ben ou dereito foi cedido pola Administración xeral do Estado, corresponderá á delegación de Economía e Facenda elaborar un informe sobre a situación do ben ou dereito e o posible incumprimento do destino previsto, para efectos de determinar a posible reversión.

2. Con carácter previo á adopción da resolución correspondente polo órgano competente, daráselle audiencia ao cesionario, co obxecto de que formule as alegacións procedentes.

3. Se a reversión non for posible física ou xuridicamente, substituirase pola existencia na correspondente resolución, de conformidade co sinalado no artigo 150.2 da lei, dunha indemnización equivalente ao valor do ben cedido segundo taxación pericial.

Artigo 133. *Cesións de organismos públicos.*

Os bens e dereitos propiedade de organismos públicos poderán ser cedidos gratuitamente nos supostos sinalados no artigo 147.1 da lei, con suxeición ás regras previstas nela e neste regulamento.

Para a emisión do informe sinalado no artigo 147.2 da lei, remitirase á Dirección Xeral do Patrimonio do Estado a documentación necesaria que acredite a natureza do cesionario, identifique o ben ou dereito obxecto de cesión e xustifique os fins a que se destinará este e os medios dispoñibles para o seu cumprimento.

Sección 2.^a Cesión gratuita de uso

Artigo 134. *Requisitos e procedemento.*

1. O uso dos bens ou dereitos patrimoniais da Administración xeral do Estado poderá ser cedido para fins de utilidade pública ou interese social ás persoas xurídicas sinaladas nos números 1 e 2 do artigo 145 da lei, por un prazo de tempo determinado.

2. A cesión de uso quedará sometida ás regras previstas na sección anterior, aínda que a resolución pola que se acorde a cesión de uso deberá incluír un clausulado no cal se recolla, polo menos, o réxime de uso do ben ou dereito, o réxime de distribución de gastos, o prazo de duración e a súa posible prórroga, e as causas de resolución, entre as cales se recollerá a posibilidade de revogación unilateral da cesión de uso, sen dereito a indemnización, por razóns de interese público debidamente apreciadas polo órgano cedente.

TÍTULO VI

Coordinación e optimización da utilización dos edificios administrativos

CAPÍTULO I

Xunta coordinadora de edificios administrativos

Artigo 135. *Composición.*

1. A xunta coordinadora de edificios administrativos, regulada no artigo 158 da lei, actuará en pleno e en comisión permanente.

O pleno estará formado polos seguintes membros:

Presidente: subsecretario do Ministerio de Economía e Facenda.

Vicepresidente: director xeral do Patrimonio do Estado.

Vogais:

Director xeral de Orzamentos, do Ministerio de Economía e Facenda.

Director xeral de Organización Administrativa e Procedementos, do Ministerio da Presidencia.

Director xeral de Coordinación e Administración dos Servizos Periféricos, do Ministerio da Presidencia.

Director xeral de Relacións entre a Administración Periférica do Estado e as Comunidades Autónomas e as Cidades con Estatuto de Autonomía e de Servizos do Departamento, do Ministerio de Política Territorial.

Director xeral de Belas Artes e Bens Culturais, do Ministerio de Cultura.
Director xeral de Infraestrutura, do Ministerio de Defensa.
Director xeral de Infraestruturas e Material da Seguranza, do Ministerio do Interior.
Director xeral de Coordinación de Políticas Sectoriais sobre a Discapacidade, do Ministerio de Sanidade e Política Social.
Director xeral de Arquitectura e Política de Vivenda, do Ministerio de Vivenda.
Director xeral do Instituto para a Diversificación e Aforro da Enerxía.
Actuará como secretario, con voz e voto, o subdirector xeral de Coordinación de Edificacións Administrativas.

2. A comisión permanente da xunta estará presidida polo director xeral do Patrimonio do Estado, e actuará como secretario con voz e voto o subdirector xeral de Coordinación de Edificacións Administrativas. Serán vogais da dita comisión un membro dos seguintes departamentos ministeriais, con rango de subdirector xeral, designado polo seu subsecretario: Ministerio de Economía e Facenda, Ministerio da Presidencia, Ministerio de Industria, Turismo e Comercio, Ministerio de Sanidade e Política Social e Ministerio de Vivenda.

Artigo 136. *Funcións.*

1. Ao pleno da xunta coordinadora de edificios administrativos, que se reunirá polo menos unha vez ao ano, correspóndenlle as seguintes funcións:

- a) Emitir informe preceptivo sobre os programas e plans de optimización do uso de edificios administrativos.
- b) Emitir informe preceptivo sobre o establecemento de índices de ocupación e criterios básicos de utilización dos edificios administrativos do Patrimonio do Estado, cuxa aprobación compete ao Ministerio de Economía e Facenda.
- c) Adoptar as directrices, medidas ou programas necesarios para a mellor coordinación da xestión dos edificios administrativos do Patrimonio do Estado.
- d) Estudar e propor as normas xerais sobre as características funcionais dos edificios administrativos e a súa utilización.
- e) Emitir informe preceptivo sobre actuacións de xestión patrimonial que, por revestiren especiais características, sexan sometidas á súa consideración polo ministro de Economía e Facenda ou o director xeral do Patrimonio do Estado.

2. Á comisión permanente, que se reunirá tantas veces sexa necesario, e polo menos unha vez ao trimestre, corresponderalle a emisión de informe preceptivo sobre as seguintes actuacións:

- a) Adquisicións para a Administración xeral do Estado ou os seus organismos públicos.
- b) Arrendamentos para a Administración xeral do Estado ou os seus organismos públicos, cando por circunstancias de prazo, prezo, nivel de ocupación ou similares, deban ser obxecto de especial análise.
- c) Propostas de incorporación ao patrimonio da Administración xeral do Estado de inmobles de organismos públicos, ou informes previos ao alleamento por organismos de edificios susceptibles de uso administrativo, para efectos da súa permanencia no dito patrimonio e posterior destino a outros servizos da Administración xeral do Estado.
- d) Afectacións, mutacións demaniais e adscricións de edificios administrativos, cando estiveren interesados no seu uso varios departamentos ministeriais ou organismos públicos.
- e) Desafectacións e desadscricións de edificios administrativos, cando o departamento ou organismo que os teña afectados ou adscritos se opuxer.
- f) Propostas de redistribución de bens inmobles formuladas polas subdelegacións ou delegacións do Goberno, como consecuencia dos procesos de transferencias ás comunidades autónomas.

Para o exercicio das súas funcións a comisión permanente poderá solicitar a presenza dun representante do departamento ou organismo interesado na actuación suxeita a informe, así como solicitar cantos datos sexan necesarios, podendo suspender ata entón a emisión do informe preceptivo.

CAPÍTULO II

Actuacións de coordinación

Artigo 137. *Verificación de proxectos de obras.*

Para a emisión do informe previsto no artigo 165 da lei, o departamento ou organismo correspondente remitirá unha memoria xustificativa das actuacións previstas e unha síntese descritiva do proxecto á Dirección Xeral do Patrimonio do Estado, á cal corresponderá avaliar a súa procedencia e oportunidade, e elevar ao órgano competente a proposta de informe.

TÍTULO VII

Patrimonio empresarial da Administración xeral do Estado

Artigo 138. *Principios xerais.*

A Administración xeral do Estado e os seus organismos públicos, en canto titulares do capital social ou dos fondos propios das entidades a que se refire o artigo 166 da Lei do patrimonio das administracións públicas, perseguirán nas súas actuacións os seguintes fins:

- a) Promover a eficiencia e economía na xestión das sociedades ou entidades.
- b) Identificar e informar os cidadáns e o mercado das obrigas vinculadas aos servizos de interese xeral que as leis ou outras disposicións impoñan ás empresas públicas, así como dos custos asociados a estas obrigas.
- c) Non falsear a competencia, evitando distorsións no mercado derivadas da actividade empresarial coas especificidades aplicables ás obrigas de servizo público.
- d) Promover a fixación de estándares de boas prácticas e códigos de conduta adecuados á natureza de cada entidade.

Artigo 139. *Organización.*

A estrutura organizativa das entidades comprendidas no artigo 166 da Lei do patrimonio das administracións públicas garantirán:

- a) A supervisión efectiva dos órganos executivos aos cales se lles atribúe a xestión da entidade polos órganos colexiados aos cales corresponda directamente a súa administración e representación.
- b) A responsabilidade dos órganos de administración, dirección e xestión sobre os resultados destas entidades, sen prexuízo da que resulte exixible de acordo coa normativa societaria aplicable.
- c) O recoñecemento, se é o caso, dos dereitos dos accionistas minoritarios distintos da Administración xeral do Estado ou dos seus organismos públicos, facilitando o seu exercicio.

Artigo 140. *Administradores en sociedades mercantís estatais.*

1. A xunta xeral de accionistas velará polo cumprimento dos principios recollidos neste título, e impulsará a implantación de boas prácticas e normas de bo goberno na xestión das sociedades mercantís estatais.

Para estes efectos, a xunta procurará que o consello de administración da sociedade estea integrado por profesionais cualificados nas materias relacionadas co seu obxecto e coa xestión económico-financeira, e que se configure de forma eficiente, coa adecuada distribución de funcións entre os seus integrantes para o cumprimento das súas funcións en atención á estratexia prevista, garantindo o seguimento e vixilancia da xestión da sociedade.

2. A xunta xeral de accionistas procurará atender ao principio de presenza equilibrada de homes e mulleres na composición dos consellos de administración das sociedades mercantís estatais.

3. A xunta xeral de accionistas promoverá a inclusión de, polo menos, un cincuenta por cento de conselleiros independentes no órgano de administración da sociedade.

Para estes efectos, terán a consideración de conselleiros independentes aqueles administradores que non presten servizos ou que non se encontren vinculados laboral ou profesionalmente á Dirección Xeral do Patrimonio do Estado ou ao organismo público que fose accionista da sociedade; ao órgano con funcións reguladoras sobre o obxecto da actividade da sociedade; ou ao ministerio que teña atribuída a tutela da sociedade.

Artigo 141. *Administradores en sociedades tuteladas.*

Nos acordos de atribución da tutela funcional que se adopten sobre as sociedades a que se refire o artigo 166.2 da Lei de patrimonio das administracións públicas, fixarase a proporción de conselleiros que o ministro de tutela proporá, para o seu nomeamento como administradores, ao ministro de Economía e Facenda ou ao organismo público representado na xunta xeral de accionistas.

Esta proporción non poderá ser superior a un terzo do número total de conselleiros que deban compoñer o consello de administración, de acordo co que determinase a xunta xeral, salvo que, por motivos excepcionais debidamente acreditados e logo do informe favorable da Dirección Xeral do Patrimonio do Estado ou do organismo público titular das accións, se considere necesario elevar esta proporción, sen que en ningún caso se poida establecer que o número de conselleiros que pode propor o ministerio de tutela sexa igual ou superior ao dos restantes conselleiros.

Artigo 142. *Intereses económicos xerais.*

1. A protección, impulso e defensa dos intereses económicos xerais na xestión dos patrimonios públicos das entidades a que se refiren as alíneas a) e b) do artigo 166.1 da Lei do patrimonio das administracións públicas corresponderá ao Ministerio de Economía e Facenda, que velará polo cumprimento dos principios enunciados nos artigos anteriores; para este efecto, corresponderalle o exercicio das seguintes funcións:

a) Determinar o custo adicional derivado das obrigas explícitas de servizo público que se impoñen ás ditas entidades.

b) Estimar os elementos diferenciais que se produzan sobre o custo da débeda, os avais e as garantías que afecten estas entidades pola súa pertenza ao sector público, así como o impacto das especialidades regulatorias que lles son de aplicación.

c) Estimar os rendementos que o Tesouro debería percibir como retribución do capital achegado a estas entidades, de acordo co previsto no artigo 166.4 da lei, e determinar os dividendos efectivos que deben ingresar, tendo en conta as obrigas de servizo público que deben ser financiadas e as vantaxes regulatorias e de custos do seu financiamento que se estimasen.

d) Propor, nos termos establecidos nos seus estatutos, o nomeamento dos membros do órgano superior de dirección destas entidades, no cal se deberá encontrar representado o Ministerio de Economía e Facenda, para apoiar a supervisión e vixilancia na súa xestión.

e) Ditar instrucións co fin de salvagardar os intereses económicos xerais na xestión do patrimonio público adscrito á entidade.

f) Propor ao Consello de Ministros, aos ministros ou aos órganos correspondentes que teñan atribuída a competencia para o nomeamento de directivos, a substitución destes cando como consecuencia de informes de auditoría ou control, se puxesen de manifesto deficiencias substanciais con repercusión económica na xestión da entidade ou dalgunha das súas áreas, ou cando se constaten desviacións ou incumprimentos das estratexias xerais fixadas polo Goberno.

2. As funcións a que se refiren as alíneas a, b e c anteriores exerceranse logo de comunicación á Comisión Nacional da Competencia, para os efectos oportunos.

Artigo 143. *Publicidade da actividade societaria.*

Sen prexuízo da publicidade legal a través do rexistro mercantil que, se é o caso, sexa obrigatoria, as sociedades e entidades a que se refire o artigo 166 da Lei do patrimonio das administracións públicas difundirán, a través da internet, toda a información relevante relativa á súa actividade empresarial que pola súa natureza non teña carácter reservado e, en particular, os seus estatutos ou normas de creación, os integrantes dos seus órganos de administración, dirección, xestión e control, os poderes e delegacións conferidos por estes, as contas anuais, os códigos de conduta ou guías de boas prácticas que deban observar, e a identificación da parte da súa actividade vinculada a servizos de interese xeral.

Esta información relevante será difundida polas sociedades ou entidades matrices no caso de grupos empresariais, co fin de outorgar unha maior transparencia ao conxunto das súas actividades e á estratexia xeral destes grupos.

Disposición adicional primeira. *Publicación en boletíns oficiais.*

No procedemento xudicial que se tramite para obter a declaración de herdeiro a favor da Administración xeral do Estado será gratuíta a publicación nos boletíns oficiais de edictos en que se chamen á herdanza posibles familiares do causante. Tamén será gratuíta a publicación no boletín oficial da provincia ou da comunidade autónoma, segundo proceda, do anuncio polo que se efectúe o chamamento a favor das institucións que se consideren con dereito a se beneficiaren da herdanza, de acordo co previsto no artigo 14 deste regulamento.

Disposición adicional segunda. *Concentración parcelaria.*

Para a toma de posesión e inscrición dos predios procedentes de concentracións parcelarias nas cales se asignen á Administración xeral do Estado predios de substitución doutros carentes de titular, unha vez cumprido o prazo de cinco anos desde a subscripción da acta de protocolización de reordenación da propiedade, previsto na Lei de reforma e desenvolvemento agrario, aprobada polo Decreto 118/1973, do 12 de xaneiro, a Unidade de Patrimonio da Delegación de Economía e Facenda correspondente procederá á identificación do predio e á comprobación da súa situación posesoria.

Se destas actuacións non se deducir ningún obstáculo, o delegado de Economía e Facenda acordará a incorporación ao patrimonio da Administración xeral do Estado do predio, a súa inscrición no rexistro da propiedade e a súa incorporación ao catastro e ao Inventario xeral de bens e dereitos do Estado.

En caso contrario elevaranse as actuacións á Dirección Xeral do Patrimonio do Estado, quen resolverá o que proceda, podendo instar ante o órgano da comunidade autónoma que acordou a asignación que proceda á adopción das medidas pertinentes, incluída, se é o caso, a súa revogación.

Disposición adicional terceira. *Elevación ao Consello de Ministros.*

Cando, de conformidade coa lei, corresponda ao ministro de Economía e Facenda a proposta formal ou elevación dun asunto para a súa autorización ou resolución do Consello de Ministros e, en todo caso, nos supostos previstos nos artigos 31 e 135 da lei, o departamento ou organismo interesado xuntará á súa solicitude unha memoria en que se recollan os antecedentes e os motivos que determinan a actuación correspondente, e na cal se acredite o cumprimento dos trámites que resulten preceptivos.

Disposición adicional cuarta. *Adquisición de bens por organismos públicos.*

Os bens e dereitos que adquiren os organismos públicos con destino a servizos do ministerio de que dependen ou a que están vinculados, poderanse inscribir no rexistro da propiedade a favor da Administración xeral do Estado, sen prexuízo da súa posterior afectación de conformidade co disposto no título III da lei.

Disposición adicional quinta. *Obriga de comunicar o valor contable.*

As actas polas cales se formalicen os procedementos de mutación de destino de bens propios de organismos públicos, adscrición, desadscrición ou incorporación previstos nos artigos 72.4, 74, 79 e 81 da lei, incluírán o valor contable actualizado do ben así como da amortización acumulada, conforme a certificación que expida o organismo referida ao momento da formalización da dita acta.

Disposición adicional sexta. *Bens das universidades.*

Cando por solicitude dunha universidade pública se proceda á afectación de bens do patrimonio do Estado de conformidade co establecido no artigo 80.2 da Lei orgánica 6/2001, do 21 de decembro, de universidades, aplicarase o procedemento previsto nos artigos 145 e seguintes da lei e concordantes do regulamento, en todo aquilo que lle poida ser de aplicación.

Disposición adicional sétima. *Edificio administrativo.*

Para os efectos sinalados no artigo 155 da lei, terán a consideración de edificios administrativos os destinados aos seguintes servizos: de representación no exterior, docentes, sanitarios, de investigación, asistenciais, de atención ao público, culturais, turísticos, de transporte, deportivos, xudiciais, penitenciarios, de vixilancia e control, comisarías e cuarteis.

Disposición adicional oitava. *Taxacións de bens e dereitos.*

1. As taxacións periciais e valoracións reguladas no artigo 114 da lei recolleranse nun informe dos servizos técnicos correspondentes, que expresará os parámetros en que se fundamentan. Este informe incorporárase ao expediente e determinará o contido económico do acto ou negocio xurídico correspondente.

2. Para a taxación dun ben ou dereito tomarase como valor de referencia o de mercado, con dedución, se é o caso, das cargas ou gravames que o afecten. Para o cálculo deste valor poderase atender ás definicións e aos principios recollidos na normativa estatal de solo, salvo que proceda acudir a criterios distintos aos sinalados.

Cando as características do ben ou dereito obxecto de taxación impidan a súa valoración con criterios de mercado, atenderase ás súas condicións especiais e poderanse utilizar criterios contables, catastrais ou outros de carácter tributario, ou os propios de lexislación urbanística ou de expropiación. Para estes efectos, a taxación poderá ter en conta a utilidade do inmovible para o comprador ou vendedor, o custo alternativo de obtención de prestacións equivalentes ou as limitacións ou custos que o uso ou disposición do inmovible implican para o comprador ou vendedor.

Iguais criterios poderán empregarse cando a taxación se efectúe para a súa incorporación a negocios patrimoniais que non requiran un valor actualizado ou de mercado.

3. Obtida a taxación do ben, e sen prexuízo do previsto no artigo 114.4 da lei, poderán incorporarse ao informe consideracións adicionais que impliquen unha variación do importe definitivo dunha actuación ou negocio patrimonial á alza ou á baixa, cando concorran circunstancias que determinen a procedencia ou conveniencia desta variación.

4. Nos negocios patrimoniais que requiran a taxación previa do ben ou dereito obxecto do negocio, o informe poderá ter por obxecto a aprobación da valoración achegada pola outra parte, se esta respectar os criterios fixados nesta disposición.

5. Nos expedientes de alleamento por poxa de inmobles de natureza rural, a taxación poderá tomar como referencia o valor catastral sen incluír o coeficiente de referencia ao mercado, e sempre que non variasen as circunstancias urbanísticas aplicables a tales bens.

Disposición adicional novena. *Subscrición de convenios por organismos públicos.*

Os convenios ou protocolos que subscriban os organismos públicos vinculados á Administración xeral do Estado sobre bens que teñan adscritos, someteranse ao informe favorable previo do ministro de Economía e Facenda.

Disposición adicional décima. *Edificios de uso compartido.*

Cando os departamentos ministeriais ou organismos públicos teñan afectados ou adscritos inmobles que sexan de uso compartido con outras administracións públicas ou con terceiros, corresponderá a estes, en virtude do deber de administración e conservación, adoptar ou subscribir os acordos necesarios relativos ao seu uso e mantemento.

Disposición adicional décimo primeira. *Información tributaria e de seguranza social.*

As normas de acceso ao Inventario xeral de bens e dereitos do Estado previstas neste regulamento non serán de aplicación ás consultas derivadas do deber de informar e colaborar coa Administración tributaria e coa Seguranza Social, de acordo co sinalado nos artigos 94 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria, e 36 do texto refundido da Lei xeral da Seguranza Social, aprobado polo Real decreto legislativo 1/1994, de 20 de xuño.

Disposición adicional décimo segunda. *Órganos colexiados.*

Sen prexuízo das peculiaridades previstas neste regulamento, o funcionamento dos órganos colexiados que nel se regulan axustarase ao disposto no capítulo II do título II da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Disposición derradeira única. *Títulos competenciais.*

1. Os artigos 14 número 1, 49 e 53 deste regulamento dítanse ao abeiro da competencia atribuída ao Estado polo artigo 149.1.8ª da Constitución en materia de lexislación civil e son de aplicación xeral, sen prexuízo da conservación, modificación e desenvolvemento dos dereitos civís forais ou especiais, alí onde existan.

2. Os artigos 46.1, 48 e 68, número 2 que se ditan en desenvolvemento dos artigos 36, número 1 e 55 da lei, respectivamente, teñen o carácter de normas básicas do réxime xurídico das administracións públicas en virtude do disposto no artigo 149.1.18ª da Constitución.

3. O resto dos artigos deste regulamento será de aplicación no ámbito do réxime xurídico patrimonial da Administración xeral do Estado e dos seus organismos públicos.